PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019396	IES Francisco Asorey	Cambados	2026/2027

Contido **Páxina**

1. Introdución 3
2. Obxectivos xerais e relación cos plans 3
3. Plan de acción titorial (PAT) 5
4. Plan de actividades complementarias e extraescolares (PACE) 7
5. Plan de actividades físicas e hábitos saudables (PAFHS) 9
6. Plan de atención a diversidade (PXAD) 13
7. Plan de biblioteca (PBiblio) 16
8. Plan de convivencia (PConv) 18
9. Plan de dinamización da lingua galega (PDLG) 22
10. Plan dixital (PDix) 25
11. Plan de formación do profesorado (PFProf) 27
12. Plan de igualdade (PIgual) 29
13. Plan de lectura, escritura e acceso a información (PLEA) 32
14. Plan lingüístico (PLing) 34
15. Plan de orientación académica e profesional (POAP) 37
16. Plan de mellora (PMell) 39
17. Outros 41

1. Introdución

1. Definición e xustificación do Proxecto Educativo
O Proxecto Educativo constitúe o marco xeral de funcionamento e o auténtico “ideario” do IES Francisco Asorey. Concíbese como un instrumento fundamental de xestión, coherente co contexto escolar e social, que enumera e define as notas de identidade do centro, formula os seus obxectivos e expresa a súa estrutura organizativa. A súa función principal é proporcionar un cadro global que garanta unha actuación coordinada, eficaz e coherente de todo o equipo docente, propoñendo solucións ás necesidades específicas da comunidade escolar.
Trátase dun documento dinámico e en constante revisión, deseñado para definir o modelo de centro que se pretende construír, o tipo de formación integral ao que se aspira para o alumnado e a estrutura institucional que facilite a consolidación dos equipos docentes e a xestión escolar.
2. Contextualización xeográfica, social e educativa
O IES Francisco Asorey atópase situado no concello pontevedrés de Cambados, na rúa Os Caeiros, preto do barrio de San Tomé. O municipio conta cunha poboación próxima aos catorce mil habitantes e pertence á comarca do Salnés, destacando por unha actividade económica centrada nos servizos, a pesca, o marisqueo, a industria, a construción e a viticultura.
Aínda que o instituto foi creado inicialmente no ano 1990 para albergar tan só nove unidades, na actualidade dispón de vinte e sete unidades educativas. A súa ampla oferta académica abarca a Educación Secundaria Obrigatoria (tres liñas), o Bacharelato nas modalidades de Ciencias e Tecnoloxía e de Humanidades e Ciencias Sociais (dúas liñas), a Formación Profesional Básica de Informática de Oficina, os Ciclos Formativos de Grao Medio e Superior das familias profesionais de Administración e de Electricidade e Electrónica, e a Educación Secundaria para Persoas Adultas (ESPA). O centro atende a un volume duns 450 a 520 estudantes, contando cun equipo humano formado por arredor de 60 docentes e 8 persoas de persoal non docente.
3. Ideario, principios e valores institucionais
O modelo educativo do instituto fundamentase nos seguintes principios e valores:

- Centro público e aconfesional: Garántese un ensino público e aconfesional que respecta as crenzas relixiosas de toda a comunidade educativa e renuncia a calquera conduta de adoutrinamento.
- Compromiso coa igualdade e a coeducación: Asúmense os valores da igualdade sen discriminación por razón de sexo, orixe, raza, orientación sexual, nivel socioeconómico ou capacidade, promovendo a coeducación e a prevención de todo tipo de violencia.
- Atención á diversidade e inclusión: Postúlase un modelo orientado ao desenvolvemento ao máximo nivel das capacidades de todo o alumnado, con especial énfase na equidade, no apoio aos máis vulnerables e na compensación das desigualdades.
- Identidade e normalización lingüística: Sometese ao regulamento do uso das dúas linguas oficiais, promovendo o galego como vehículo de aprendizaxe e como elemento clave de pertenza e identidade.
- Misión, visión e valores estratéxicos: Asúmese a misión de ofrecer unha educación pública de calidade que capacite ao alumnado para integrarse na sociedade como cidadáns responsables e éticos. Apúntase á visión de consolidar o instituto como centro de referencia na comarca pola súa innovación, excelencia e atención á diversidade, promovendo valores como o respecto, a responsabilidade, o esforzo, a ecoloxía activa e a colaboración co contorno.
- Xestión democrática e participativa: Adóptase un modelo de xestión escolar que garante a participación activa e real do profesorado, alumnado, familias e persoal non docente.

4. Liñas metodolóxicas e proxectos de centro
No ámbito pedagóxico, o centro aposta pola complementariedade metodolóxica co fin de lograr aprendizaxes significativas, a participación activa do alumnado e o fomento do espírito crítico e emprendedor.
Así mesmo, o PEC articúlase a través da participación en diversos plans e programas institucionais, mobilidades internacionais, bibliotecas dinámicas, plan dixital , polos creativos, etc.

2. Obxectivos xerais e relación cos plans

1 Garantir o desenvolvemento integral e equitativo do alumnado.

Promover o máximo nivel de capacidades intelectuais, afectivas e morais, compensando as desigualdades sociais e prestando especial atención ao alumnado NEAE.

2 Promover a igualdade efectiva, a coeducación e a resolución pacífica de conflitos.

Fomentar a igualdade entre homes e mulleres, erradicar estereotipos sexistas, previr a violencia de xénero e consolidar a mediación escolar.

3 Dixitalizar a xestión e os procesos de ensino-aprendizaxe.

Modernizar os servizos internos, potenciar o uso seguro das TIC e desenvolver proxectos interdisciplinares nos Polos Creativos.

4 Dinamizar a aprendizaxe integrada de linguas e o proxecto lector.

Potenciar o uso do galego, mellorar as competencias en lingua estranxeira e consolidar a biblioteca escolar.

5 Fomentar hábitos de vida saudables e o respecto polo medio ambiente.

Promover a actividade física nos recreos, a educación afectivo-sexual e implantar un plan de xestión ambiental e sustentabilidade.

6 Fortalecer a proxección do centro e a participación comunitaria.

Mellorar o acollemento a novas familias e consolidar a colaboración coas entidades de Cambados e o Salnés.

7 Potenciar a Formación Profesional e a Educación para Persoas Adultas en conexión coas necesidades socioeconómicas da contorna.

Difundir e visibilizar o potencial dos ciclos formativos e da educación para persoas adultas (ESPA/EPA), reforzando a orientación académico-profesional, promovendo a colaboración co tecido empresarial e institucional da comarca do Salnés e facilitando itinerarios formativos flexíbeis para a inserción laboral e a aprendizaxe ao longo da vida.

	PAT	PACE	PAFHS	PXAD	PBiblio	PConv	PDLG	PDix	PFProf	PIgual	PLEA	PLing	PMell	POAP	Outros
1 Garantir o desenvolvemento integral e equitativo do alumnado.	X			X									X	X	
2 Promover a igualdade efectiva, a coeducación e a resolución pacífica de conflitos.	X					X				X					
3 Dixitalizar a xestión e os procesos de ensino-aprendizaxe.								X	X				X		
4 Dinamizar a aprendizaxe integrada de linguas e o proxecto lector.					X		X				X	X			
5 Fomentar hábitos de vida saudables e o respecto polo medio ambiente.		X	X										X		

	PAT	PACE	PAFHS	PXAD	PBiblio	PConv	PDLG	PDix	PFProf	PIgual	PLEA	PLing	PMell	POAP	Outros
6 Fortalecer a proxección do centro e a participación comunitaria.	X	X												X	
7 Potenciar a Formación Profesional e a Educación para Persoas Adultas en conexión coas necesidades socioeconómicas da contorna.	X												X	X	

3. Plan de acción titorial (PAT)

3.1. Contexto:

O Plan de Acción Titorial (PAT) do centro parte da necesidade de dar resposta á diversidade de ensinanzas, etapas educativas, características do alumnado e necesidades do profesorado que conviven no instituto. Por este motivo, establécense unhas liñas xerais de actuación comúns, que se concretan posteriormente en propostas específicas adaptadas ás particularidades de cada etapa e ensinanza.
O PAT ten como finalidade contribuír á formación integral do alumnado mediante o desenvolvemento de contidos funcionais, metodolóxicos e formativos que complementen as aprendizaxes propias das distintas áreas e materias.
A súa fundamentación baséase nas principais dimensións da acción titorial —aprender a pensar, aprender a ser, aprender a convivir e aprender a tomar decisións—, así como nas directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro. Desde esta perspectiva, considérase fundamental promover a educación afectivo-sexual, a comprensión da diversidade como valor, o desenvolvemento persoal e emocional, a convivencia positiva e a autonomía na toma de decisións académicas e profesionais.
O plan concrétase en diferentes programas adaptados ás ensinanzas impartidas no centro: Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), Formación Profesional Básica (FPB) e ensinanzas postobrigatorias. No caso da ESO e da FPB, establécese unha planificación secuenciada ao longo dos tres trimestres do curso, que contempla obxectivos, actividades, metodoloxía, recursos e procedementos de avaliación.

3.2. Obxectivos do plan:

1 Favorecer a integración do alumnado no grupo-clase e no centro

promover o sentimento de pertenza ao centro, a cohesión grupal, a participación activa na vida escolar e a implicación responsable do alumnado na organización e funcionamento da aula.

2 Desenvolver a autonomía persoal e a capacidade para tomar decisións responsables

facilitar que o alumnado adquira ferramentas para coñecerse mellor, desenvolver o pensamento crítico, identificar as súas capacidades e intereses e tomar decisións fundamentadas sobre o seu futuro académico e profesional.

3 Realizar o seguimento individualizado do alumnado e dar resposta ás súas necesidades educativas

favorecer o coñecemento individual do alumnado, detectar dificultades de aprendizaxe, necesidades de apoio ou outras circunstancias que poidan afectar ao seu desenvolvemento persoal, social e académico, e promover unha resposta educativa axustada ás súas características.

4 Promover a educación en valores, a convivencia positiva e o desenvolvemento integral do alumnado

traballar de maneira explícita e coordinada aqueles valores considerados fundamentais para a formación integral, promovendo o respecto, a responsabilidade, a igualdade, a educación afectivo-sexual, a comprensión da diversidade, a prevención dos conflitos e o desenvolvemento emocional e social.

3.3. Liñas prioritarias de actuación:

As actuacións do PAT organizaranse arredor das seguintes liñas prioritarias:
1. Acollida e integración: desenvolvemento de dinámicas de presentación, cohesión grupal, participación e integración do alumnado na vida do centro.
2. Aprender a pensar e aprender a aprender: promoción de estratexias de aprendizaxe, pensamento crítico, capacidade de reflexión e autonomía no proceso educativo.
3. Desenvolvemento persoal e emocional: traballo da autoestima, o autocontrol, a identificación e regulación das emocións, a educación afectivo-sexual e a construción dunha identidade persoal positiva.
4. Convivencia e educación en valores: promoción do respecto, a empatía, a cooperación, a igualdade de oportunidades, a comprensión da diversidade e a prevención de situacións de exclusión ou discriminación.
5. Orientación académica e profesional: información sobre itinerarios educativos e profesionais, coñecemento das propias capacidades e intereses e desenvolvemento de habilidades para a toma de decisións.
6. Atención á diversidade e seguimento individualizado: detección de necesidades educativas, coordinación das medidas de apoio e seguimento da evolución persoal, social e académica do alumnado.
7. Coordinación docente e familiar: colaboración entre as titorías, o Departamento de Orientación, a Xefatura de Estudos, o equipo docente e as familias para garantir unha intervención coherente e axustada ás necesidades detectadas.
8. Participación e implicación na vida do centro: promoción de iniciativas do alumnado, actividades cooperativas, campañas de sensibilización e propostas que contribúan á mellora da convivencia.
9. Avaliación e mellora continua: valoración do deseño, desenvolvemento e resultados das actividades do PAT, coa finalidade de identificar fortalezas, detectar dificultades e introducir modificacións para cursos posteriores.

Observacións:
- Flexibilidade e adaptación: o PAT constitúe unha proposta xeral que deberá adaptarse ás características de cada etapa, ensinanza e grupo-clase. As actividades poderán seleccionarse, modificarse ou secuenciarse en función das necesidades detectadas.
- Temporalización: as actuacións distribuiranse ao longo dos tres trimestres. As titorías da ESO e da FPB desenvolverán as actividades previstas segundo a dispoñibilidade horaria e as necesidades do alumnado. A secuencia poderá modificarse cando as circunstancias o requiran.
- Metodoloxía: recoméndase priorizar metodoloxías activas e participativas fronte á exposición exclusivamente teórica. Empregaranse dinámicas de grupo, traballo cooperativo, debates, análise de situacións, reflexión individual e postas en común. O profesorado titor poderá adaptar as técnicas e os agrupamentos á realidade da aula, procurando a participación de todo o alumnado.
- Recursos: o Departamento de Orientación facilitará os materiais e o asesoramento necesarios para o desenvolvemento das actividades, incluíndo programas específicos, bibliografía, material audiovisual, recursos dixitais e instrumentos de avaliación. Poderase contar tamén coa colaboración do profesorado do centro, a Xefatura de Estudos e entidades ou organismos externos.
- Coordinación: establecerase, con carácter xeral, unha reunión mensual entre as titorías da ESO e da FPB e a orientadora, que poderá modificarse en función das necesidades. As titorías coordinarán as sesións de avaliación e trasladarán ao Departamento de Orientación ou á Xefatura de Estudos as necesidades detectadas e os acordos adoptados. Manterase igualmente a coordinación coas familias cando proceda.
- Avaliación: valorarase tanto o deseño das actividades como o proceso de aplicación e os resultados obtidos. Como indicadores teranse en conta a participación do alumnado, a satisfacción das persoas participantes, a adecuación das propostas ás características do grupo, a mellora da cohesión grupal, as actitudes cara á aprendizaxe, a convivencia e a adquisición dos coñecementos e competencias traballados. Empregaranse cuestionarios, enquisas, observación e outros instrumentos adaptados aos programas desenvolvidos, incorporando a valoración do profesorado titor e do alumnado.
- Revisión do plan: os resultados da avaliación permitirán introducir modificacións nas actividades, na temporalización e na metodoloxía, co obxectivo de mellorar a eficacia do PAT en cursos posteriores.
- Especificidade das ensinanzas: dadas as características do centro, as actuacións concretaranse en programas diferenciados para a ESO, a FPB e as ensinanzas postobrigatorias, garantindo que respondan ás necesidades propias de cada etapa e favorezan a formación integral do alumnado.

4. Plan de actividades complementarias e extraescolares (PACE)

4.1. Contexto:

O Plan de Actividades Complementarias e Extraescolares (PACE) do IES Francisco Asorey concíbese como un elemento chave para lograr a educación integral do alumnado, mellorando as súas capacidades cognitivas, motrices, de equilibrio persoal e de relación social. O plan busca interrelacionar a comunidade escolar coa vila de Cambados e a comarca do Salnés mediante accións conxuntas con outros centros educativos, organismos públicos, o Concello, a ANPA e diversas entidades sociais e empresariais.
A situación de partida vén marcada pola ampla oferta formativa do centro (ESO, Bacharelato, Formación Profesional Básica, Ciclos de Grao Medio e Superior, e ESPA), o que require unha programación diversificada e coordinada dende a Vicedirección e os departamentos didácticos

4.2. Obxectivos do plan:

1 Promover a formación integral, a igualdade e a utilización saudable do tempo libre mediante actividades educativas e deportivas.

Favorecer o desenvolvemento das capacidades cognitivas, motrices e afectivas do alumnado, consolidando actitudes de respecto, solidariedade, coeducación e convivencia democrática.

2 Interrelacionar a comunidade educativa co contorno social, cultural, ambiental e empresarial de Cambados e do Salnés.

Organizar saídas, visitas, encontros e obradoiros en colaboración co Concello, empresas da contorna e entidades locais para integrar a aprendizaxe no medio próximo.

3 Fomentar o coñecemento doutras culturas e o plurilingüismo mediante programas de intercambio e mobilidade internacional.

Impulsar a participación do alumnado en proxectos internacionais (EduExchanges, Erasmus+ e eTwinning) e encontros escolares para desenvolver a competencia comunicativa e o respectualismo intercultural.

4 Organizar visitas técnicas a empresas e xornadas de portas abertas nos obradoiros de Formación Profesional para achegar o alumnado ao contorno laboral e promover a oferta formativa do centro.

Promover saídas didácticas e visitas técnicas do alumnado dos ciclos formativos (Administración e Electrónica/Telecomunicacións) e FP Básica reforzando a orientación profesional e a ligazón co tecido produtivo.

5 Coordinar a participación de toda a comunidade escolar na elaboración e seguimento das actividades extraescolares.

Articular as propostas dos departamentos didácticos, do alumnado e das familias (ANPA) coordinadas pola Vicedirección para a súa inclusión na Programación Xeral Anual (PXA)

4.3. Liñas prioritarias de actuación:

Actividades deportivas e de vida activa (PVAD e Xogade):

- Organización de competicións lúdico-deportivas e coeducativas durante os recreos nas pistas e no pavillón deportivo do centro.
- Participación no programa Xogade (campo a través, bádminton, encontros intercentros) e recuperación da actividade de voleibol de tarde para profesorado e alumnado.
- Desenvolvemento de convivencias deportivas (Colexio Salesianos), a etapa final do Camiño de Santiago e o torneo Panos Brancos contra a droga.

Promoción da lectura e actividades culturais:

- Saídas culturais relacionadas co patrimonio histórico, artístico e lingüístico de Cambados e de Galicia.
- Dinamización de actividades arredor da biblioteca escolar, obradoiros literarios e encontros cos clubs de lectura.

Internacionalización e encontros escolares:

- Desenvolvemento do programa de intercambio EduExchanges para a mellora comunicativa en francés e inglés e o estudo dos ecosistemas mariños e a auga.

- Participación en proxectos colaborativos eTwinning e estancias en familias de acollida.

Orientación laboral e relación co tecido produtivo:

- Visitas técnicas a empresas da comarca para o alumnado de Formación Profesional e orientación académico-profesional.

Xestión e procedemento de aprobación:

- Presentación inicial de propostas polos departamentos a principio de curso e tramitación das actividades mediante o formulario habilitado baixo a coordinación da Vicedirección.

5. Plan de actividades físicas e hábitos saudables (PAFHS)

5.1. Contexto:

A denominación actual do centro é IES Francisco Asorey, aínda que este comezou a súa andaina en 1990 como centro de Formación Profesional da familia de Administrativo e Electrónica. Hogano, o instituto imparte a Ensinanza Secundaria Obrigatoria, Bacharelatos de Ciencias e Tecnoloxía e de Humanidades e Ciencias Sociais, Programas de Iniciación Profesional de Informática de oficina, Ciclos formativos de grado medio de Xestión administrativa e Instalacións de telecomunicacións; Ciclos formativos de grado superior de Administración e Finanzas e Sistemas de telecomunicacións e informáticos e Ensinanza de adultos módulos III e IV.

Antes da implementación deste plan elabórase un DAFO (debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades) a través dun cuestionario que recolle os seguintes aspectos:
¿ A cantidade de actividade física fóra do centro por parte do alumnado (identificando se practica deporte federado ou recreativo, número de sesións semanais) é bastante alta, polo que se pode tomar este apartado como unha fortaleza.
¿ No tocante á práctica de actividade física no centro durante os recreos é notoria a alta participación tanto do alumnado coma do profesorado, polo que temos unha oportunidade para aumentar o número de actividades físico-deportivas nos momentos de ocio.
¿ Unha das ameazas que atopamos ten a ver cos gustos deportivos do alumnado porque se centra principalmente no fútbol, polo que cómpre potenciar outros deportes para que coñezan e practiquen outras disciplinas deportivas.
¿ Aínda estamos en proceso de avaliar o coñecemento dietético e nutricional do alumnado, polo que estes datos serán anexados ao longo do curso escolar e actuarase en consonancia cos mesmos.
¿ O mesmo acontece coas horas de sono-descanso dxs pupilxs. Aínda que se observa que o descanso non cumpre coas horas mínimas, debemos profundizar máis neste apartado para poder implementar medidas de mellora.

Así ben, como xa se comentou, continuamos promovendo a actividade física e do deporte no IES Francisco Asorey porque está integrado na modalidade Xogade desde o curso académico 2017-2018. A participación do centro no mesmo comezou coa actividade deportiva escolar de campo a través, posteriormente en bádminton. Asemade, o centro participa en actividades desenvolvidas pola agrupación deportiva Val do Salnés (os xogos tradicionais, e o cros foron as escollidas este ano polo centro) e outras de forma puntual como a actividade Dragóns promovida tamén no programa Xogade, e a intención de promover a participación noutras actividades como o Pickleball, o Fútbol Gaélico ou o BTT. Por último, estase tratando de organizar con otros centros unha actividade de Balonmán Praia para as últimas semanas de curso.

Así ben, cómpre destacar que a vida deportiva diaria no centro desenvólvese en dous grandes espazos. Por unha banda, está a pista deportiva exterior na que o alumnado xoga durante os recreos ao voleibol en tres campos. Trátase dunha actividade que está funcionando moi ben e incluso hai alumnado que agora xoga ao voleibol no club federado da localidade. Por outra banda, está o pavillón polideportivo do centro no que tamén se realizan actividades deportivas durante os recreos. As formas de participación son variadas; ben sexa mediante a organización de campionatos mixtos entre as clases (campionato de Fútbol sala e de Brilé) ou mesturados entre si (voleibol), tamén de forma libre a elección do alumnado (bádminton por parellas mixtas). Por outra banda, fanse competicións diarias mediante o sistema Rei de pista en varios deportes (baloncesto, voleibol e bádminton). Amais, a forma de participación é mixta, favorecendo o proceso de coeducación en igualdade. A forma de organización deportiva implica un maior protagonismo da responsabilidade do alumnado (este convértese en árbitro/árbitra e xogador/a). ao mesmo tempo) coa colaboración do profesorado. Así, o alumnado é quen de colocar e recoller o material á vez que contribúe á súa conservación e mantemento. Porén, o feito de que haxa moito alumnado no pavillón da lugar a que aumente a cantidade de pó no mesmo; por iso esta será unha medida organizativa que cómpre mellorar este curso. Así ben, este ano queremos introducir o Colpbol como campionato a disputar nos recreos.

A organización das actividades deportivas parte do departamento de Educación Física e conta co apoio de dous profesores de Matemáticas ao longo do curso. Asemade, hai colaboración de distintos docentes de forma puntual na organización das actividades acompañando nas andainas, cedendo algunha clase para os ensaios grupais ou a preparación de partidos, a montaxe de vídeo, polo que participa activamente nas actividades deportivas. Un dos obxectivos do currículo de bacharelato na materia de Educación Física é a organización de campionatos, e isto aprovéitase para fomentar esa práctica de deportes nos tempos de lecer, orquestrados polo alumnado dos distintos grupos de bacharelato, facendo que aumente a súa responsabilidade e adquiran un maior protagonismo. Outro tema importante é o da saúde mental que ven sendo nos últimos anos unha constante a traballar nos centros educativos. A intención é que cada vez sexa un contido a funcionar de forma transversal. Desde o departamento de orientación estanse a divulgar liñas de actuación en relación á saúde mental, sobre todo desde a Pandemia do Covid-19, a través de obradoiros, posta en marcha de protocolos...etc. A hixiene persoal xunto coa hixiene grupal como grupo-clase

desenvólvese de forma diaria nas sesións do centro. Ademais, ao remate destas avalíase de forma diaria que o alumnado se asee e cambie a camiseta após sesión de Educación Física por outra limpa. Neste sentido, un dos recursos que se emprega é que o alumnado traía consigo a camiseta de Educación Física e que esta sexa cambiada ao remate da sesión. Esta medida permite de forma eficiente comprobar este apartado da hixiene individual e por conseguinte a grupal.

A importancia dun bo descanso e a relación deste cun bo rendemento académico e unha boa recuperación física é un dos aspectos a mellorar na aplicación deste plan, pois salvo algúns breves apuntamentos cómpre profundar na importancia do descanso e como facer para melloralo. No tocante á saudade alimentaria, na materia de Bioloxía levaranse actividades destinada a concienciar sobre unha dieta equilibrada así como sobre outros aspectos relacionados coa saúde física. Unha liña parecida lévase a cabo na materia Proxecto Competencial, onde se relacionan contidos alimentarios (pirámide de alimentos, o prato de Harvard, a roda dos alimentos, consecuencias dunha errónea dieta...) co exercicio físico ou co coidado do ecosistema, entre outros. Como traballo deste curso, nos distintos grupos incorpóranse unidades didácticas específicas ou parciais de alimentación saudable onde o obxectivo para o alumnado é o de facer un menú semanal, sendo capaces de escoller os alimentos das 5 comidas do día, de luns a domingo, e tendo en conta o seu gasto calórico e os nutrintes principais que aporta cada alimento ao seu organismo.

5.2. Obxectivos do plan:

1 Mellorar e aumentar a práctica físico-deportiva no centro escolar, detectando as principais debilidades e buscando solucións.

Para poder avaliar este obxectivo realizarase un test e un postest que permita coñecer o grado de mellora da práctica de actividade física.

2 Desenvolver campañas de fomento da dieta equilibrada.

Mediante a elaboración de talleres de promoción de dietas saudables nas que se realizarán cuestionarios sobre a dieta antes e despois dos obradoiros. No departamento de Bioloxía lévanse a cabo actividades do Programa Aliméntate ben.

3 Concienciar ao alumnado da importancia dun bo descanso e crear pautas para a súa execución por parte do mesmo.

Tras a participación do alumnado en obradoiros desta temática, realizarán un cuestionario no que se avalíe a adquisición deste tipo de contidos. Tamén é importante involucrar ás familias nestas cuestións e solicitar cursos-obradoiros para a Escola de Familias coa colaboración da AMPA Os Caeiros.

4 Reflexionar e valorar a importancia dunha boa saúde mental a través de charlas sobre motivación, acoso escolar, uso de redes sociais e teléfonos móbiles...etc.

Charlas sobre motivación, acoso escolar, uso de redes sociais e teléfonos móbiles...etc.

5 Continuar coa proposta de gardas activas.

O profesorado participa, de forma voluntaria, en andainas pola contorna nas hora de garda co grupo que non ten profesorado. Asemade, tamén poden usar para a actividade física o ximnasio do centro.

6 En cursos posteriores, intentarase que o profesorado da FP básica destine de forma voluntaria un tempo á semana a facer actividade física co seu alumnado.

Deste xeito a través da función catártica da actividade física o alumnado aumentará o seu rendemento académico.

7 Na materia de Educación Física, coa intención de favorecer a adherencia á práctica de hábitos saudables, pedirase que de forma diaria ademais de traer a camiseta do centro e outra para se cambiar, acudan ás sesións de Educación Física cunha botella de auga e unha toalla.

Ferramentas de fomento de hábitos saudables e de hixiene corporal.

5.3. Liñas prioritarias de actuación:

As liñas prioritarias de actuación son 4 e que buscan o fomento da actividade física dentro do ámbito educativo:

- Dentro do centro escolar e dentro do horario lectivo: recreos activos, campionatos nos recreos, dinamización de

actividades en días conmemorativos, as propias clases de educación física, etc.
- Dentro do centro escolar e fora do horario lectivo: o centro presta a súa instalación para as escolas deportivas nas que o alumnado pode inscribirse e seguir realizando actividade física ou deporte (baloncesto, bádminton...).
- Fota do centro escolar e dentro do horario lectivo: participación en Xogade (cros e xogos tradicionais, así como posibilidade de dragóns e balonmán praia), actividades como andainas (Ruta Xacobea, ruta polas Illas Atlánticas de Galicia...), salidas a facer distintos deportes (surf, bicicleta).
- Fora do centro escolar e fora do horario lectivo: algunhas actividades de día enteiro realizando actividade física e tamén excursión como a Semana Branca (unha semana facendo esquí en Andorra).

Observacións:

O primeiro que se fará será unha avaliación inicial do realizado no pasado curso escolar na que tamén se terá en conta a opinión do alumnado. Posteriormente, farase unha análise dos resultados para a realización dun novo programa de intervención a través dun plan de mellora. Este programa terá en conta as actividades nas que ten por costume participar o centro (campo a través, Panos Brancos, Carreira dos institutos...) así como as novas iniciativas do plan: hábitos de vida saudables.
A implementación deste plan require un tratamento transversal que implique a varios departamentos: educación física, bioloxía, orientación e Lingua Castelá e Matemáticas que colaborarán na avaliación do mesmo e na proposta de melloras. De todos xeitos, a través da observación directa irase avaliando trimestralmente se as actividades e obxectivos marcados se están executando de maneira óptima, pois de non ser así debemos paliar posibles atrancos de maneira inmediata. Preferiblemente, no mes de xuño, o alumnado cubrirá un cuestionario que permita avaliar a aplicación deste plan, buscando os acertos e o puntos débiles con vistas a mellorar o vindeiro curso. Tamén se terán en conta as propostas do Claustro e do Consello Escolar para aplicar un plan de mellora sobre o mesmo de cara cursos posteriores e afianzar as drizas que nos unen como comunidade educativa a través da participación activa de persoal docente e non docente, alumnado e familias.

6. Plan de atención a diversidade (PXAD)

6.1. Contexto:

A atención á diversidade constitúe un principio fundamental da resposta educativa do centro e ten como finalidade garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade, adaptada ás características, necesidades, intereses, capacidades e ritmos de aprendizaxe de todo o alumnado.
Enténdese como o conxunto de medidas organizativas, curriculares, metodolóxicas e educativas destinadas tanto á prevención e detección das dificultades de aprendizaxe como á súa atención, procurando que todo o alumnado poida progresar no seu desenvolvemento persoal, académico e social e acadar os obxectivos establecidos para cada etapa.
A atención á diversidade implica a adaptación da práctica docente ás características individuais do alumnado, a través dunha planificación flexible e da aplicación de medidas educativas graduadas, desde as actuacións ordinarias ata aquelas de carácter extraordinario que resulten necesarias. Este enfoque require a implicación de todo o profesorado, dos órganos de coordinación docente, do equipo directivo, das familias e dos servizos externos que colaboran co centro.
O Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD) é o documento que concreta e organiza as medidas que se desenvolverán no centro en función das necesidades detectadas e dos recursos dispoñibles. A súa elaboración corresponde ao Departamento de Orientación, seguindo as directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica e o establecido na normativa vixente, especialmente no Decreto 229/2011 e na Orde do 8 de setembro de 2021.
O plan recollerá as actuacións dos distintos profesionais, os procedementos de coordinación, os mecanismos de colaboración coas familias e cos servizos externos, así como os criterios de seguimento e avaliación das medidas adoptadas. A súa concreción realizarase anualmente no marco da Programación Xeral Anual, procurando unha resposta educativa axustada ás necesidades reais do alumnado.

6.2. Obxectivos do plan:

1 Planificar respostas educativas diversificadas e adaptadas ás necesidades do alumnado

Organizar medidas curriculares, metodolóxicas e organizativas que permitan axustar os procesos de ensino-aprendizaxe ás características individuais do alumnado, favorecendo a adquisición das competencias e dos obxectivos educativos. Priorizarase a prevención das dificultades, a detección temperá e a aplicación de medidas ordinarias antes de recorrer a outras de carácter extraordinario, cando sexa posible.

2 Favorecer o desenvolvemento persoal, académico e social de todo o alumnado

Promover unha resposta educativa inclusiva que favoreza a autonomía, a participación, a convivencia positiva e o desenvolvemento integral do alumnado, garantindo a igualdade de oportunidades e evitando calquera forma de discriminación. Prestarase especial atención ao alumnado en situación de vulnerabilidade ou que presente necesidades específicas de apoio educativo.

3 Proporcionar unha resposta educativa axeitada ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE)

Identificar as necesidades específicas de apoio educativo e organizar as medidas necesarias para dar unha resposta individualizada, proporcionada e de calidade. O Departamento de Orientación colaborará co profesorado na análise das necesidades, no asesoramento sobre as medidas máis adecuadas e na realización de avaliacións psicopedagóxicas cando proceda.

4 Coordinar as actuacións dos profesionais implicados na atención á diversidade

Establecer mecanismos de coordinación entre o Departamento de Orientación, o equipo directivo, o profesorado titor, os departamentos didácticos, o profesorado especialista e as familias, garantindo unha intervención coherente e compartida. Así mesmo, promoverase a colaboración cos centros adscritos e cos servizos externos cando as necesidades do alumnado o requiran.

5 Avaliar a eficacia das medidas de atención á diversidade

Realizar un seguimento sistemático das medidas ordinarias, extraordinarias e dos programas específicos desenvolvidos no centro, valorando a súa adecuación ás necesidades do alumnado e a súa contribución ao progreso académico, persoal e social. Os resultados desta avaliación servirán para orientar a toma de decisións e mellorar a planificación educativa.

6.3. Liñas prioritarias de actuación:

As principais liñas de actuación do Plan Xeral de Atención á Diversidade serán as seguintes:

- Prevención e detección temperá das dificultades de aprendizaxe: identificación das necesidades educativas e adopción de medidas preventivas que favorezan o progreso do alumnado.
- Aplicación de medidas ordinarias de atención á diversidade: adaptación das programacións didácticas, diversificación metodolóxica, adaptación dos tempos e instrumentos de avaliación, reforzo educativo e apoio dentro da aula.
- Organización de medidas extraordinarias: valoración e aplicación, cando proceda, de adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e outras medidas previstas na normativa.
- Atención individualizada ao alumnado con NEAE: análise das necesidades, realización de avaliacións psicopedagóxicas cando sexa necesario e asesoramento sobre a resposta educativa máis axeitada.
- Apoio ás aprendizaxes instrumentais básicas: priorización das actuacións nas áreas de linguas e matemáticas, especialmente nos primeiros cursos da ESO e no alumnado que presente dificultades significativas.
- Atención ao alumnado en situación de vulnerabilidade: adopción das medidas educativas necesarias para o alumnado procedente do estranxeiro, con dificultades de asistencia continuada, pertencente a familias itinerantes ou afectado por situacións persoais, familiares, sanitarias ou sociais que poidan interferir no seu proceso educativo.
- Inclusión e convivencia positiva: desenvolvemento de actuacións que favorezan a participación, as habilidades sociais, a resolución de conflitos, a prevención do acoso escolar e a igualdade de oportunidades.
- Benestar emocional: continuidade das actuacións de promoción do benestar emocional e coordinación da figura responsable deste ámbito co Departamento de Orientación, as persoas titoras e o equipo directivo.
- Coordinación entre profesionais: establecemento de procedementos de comunicación e traballo conxunto entre o profesorado, o Departamento de Orientación, o equipo directivo e os servizos externos.
- Colaboración coas familias: información sobre as medidas adoptadas, os obxectivos que se pretenden acadar e a evolución do alumnado, favorecendo a súa participación no proceso educativo.
- Seguimento e avaliación das medidas: revisión periódica da evolución do alumnado e da eficacia dos apoios, co fin de manter, modificar ou retirar as medidas en función dos resultados obtidos.
- Organización dos recursos humanos, materiais, espaciais e temporais: planificación dos apoios, dos espazos específicos e dos tempos de coordinación para garantir unha atención educativa axeitada.

Observacións:

- O PXAD terá un carácter flexible, preventivo e inclusivo, adaptándose ás necesidades que se detecten ao longo do curso e aos recursos dispoñibles no centro.
- A atención á diversidade será responsabilidade compartida de todo o profesorado, sen prexuízo das funcións específicas do Departamento de Orientación e do profesorado especialista.
- A aplicación das medidas realizarase conforme á normativa vixente, respectando os procedementos establecidos para a súa proposta, autorización, desenvolvemento e seguimento.
- Con carácter xeral, priorizarase a aplicación de medidas ordinarias e preventivas. Cando estas resulten insuficientes ou as necesidades do alumnado así o requiran, valorarase a adopción de medidas extraordinarias, coa intervención dos profesionais correspondentes.
- O alumnado que reciba reforzo educativo será obxecto dun seguimento periódico. Esta medida terá carácter revisable e poderá modificarse ou finalizar cando a evolución do alumno ou alumna así o aconselle.
- As familias serán informadas das medidas educativas adoptadas e dos obxectivos previstos, promovendo a súa colaboración e participación no proceso de seguimento.
- O centro manterá os mecanismos de coordinación establecidos, incluídas as reunións periódicas co profesorado titor e as reunións de seguimento dos equipos docentes, para revisar a evolución do alumnado e axustar a resposta educativa.
- A organización dos apoios e dos recursos deberá priorizar a calidade da intervención e a adecuación ás necesidades detectadas, tendo en conta especialmente as áreas instrumentais básicas e o alumnado dos primeiros cursos da ESO.
- As actuacións relacionadas co benestar emocional continuarán desenvolvéndose no centro, coa participación da persoa responsable deste ámbito e en coordinación co Departamento de Orientación e co resto da comunidade educativa.
- A avaliación do plan realizarase de forma continua, a través da análise da evolución individual do alumnado, das reunións de coordinación, das sesións de avaliación trimestrais e da revisión das medidas aplicadas.
- Ao finalizar o curso, elaboraranse propostas de mellora que permitan actualizar o plan e adaptar a súa planificación ás necesidades e prioridades detectadas para o curso seguinte.

7. Plan de biblioteca (PBiblio)

7.1. Contexto:

A biblioteca escolar do IES Francisco Asorey concíbese como un centro de recursos para a lectura, a información e a aprendizaxe, ao servizo de toda a comunidade educativa. Dispón dun espazo físico duns 120 m², dotado de fondos bibliográficos catalogados segundo a CDU, postos de lectura e estudo, unha zona de lectura relaxada, equipamentos informáticos e conexión á rede sen fíos.
A súa organización e funcionamento están coordinados por un equipo de docentes de diferentes departamentos, con dedicación horaria específica, que garante a apertura da biblioteca en horario lectivo de mañá, a atención aos usuarios e a prestación dos servizos de consulta e préstamo informatizado a través do programa Meiga. Así mesmo, a biblioteca ofrece acceso libre aos seus fondos e recursos, tanto para o alumnado como para o profesorado, e constitúe un espazo dispoñible para o desenvolvemento de actividades didácticas e culturais.
Partindo destes recursos e da implicación do equipo de biblioteca, considérase necesario seguir avanzando na súa transformación como un espazo dinámico, inclusivo e aberto, que vaia máis alá da función tradicional de préstamo. Preténdese reforzar o seu papel como dinamizador da lectura, promotor da alfabetización informacional e dixital e impulsor do pensamento crítico e reflexivo, favorecendo a participación de todos os sectores da comunidade educativa, a igualdade de oportunidades e a adquisición de aprendizaxes interdisciplinares.

7.2. Obxectivos do plan:

1 Mellorar a organización, xestión e dotación da biblioteca escolar, mediante a actualización dos fondos bibliográficos, a incorporación de novos recursos dixitais e a optimización dos espazos e servizos.

Adaptar os recursos e a infraestrutura ás necesidades da comunidade educativa, avanzar na catalogación dos fondos e promover o uso das plataformas de préstamo dixital.

2 Promover a formación de usuarios e o desenvolvemento da competencia informacional e dixital do alumnado, favorecendo a busca, selección, avaliación, tratamento e difusión crítica e responsable da información.

Desenvolver actividades de formación que permitan ao alumnado localizar fontes fiables, contrastar información e facer un uso seguro e responsable dos recursos dixitais.

3 Fomentar o hábito lector e o gusto pola lectura, ofrecendo unha colección variada e actualizada que responda aos diferentes intereses, idades e necesidades da comunidade educativa.

Impulsar iniciativas como o reto lector, as exposicións temáticas, as recomendacións bibliográficas, as guías de lectura e os clubs de lectura.

4 Dinamizar a biblioteca como espazo de aprendizaxe, creación e participación cultural, mediante a organización de actividades interdisciplinares e a colaboración cos diferentes departamentos e proxectos do centro.

Promover obradoiros, concursos, actividades de escritura e creación literaria, iniciativas de radio escolar e celebracións de carácter cultural, científico e lingüístico.

5 Impulsar a participación de toda a comunidade educativa na vida da biblioteca, favorecendo a colaboración do alumnado, profesorado, familias e persoal non docente nas actividades e propostas de dinamización.

Crear espazos de participación e colaboración que contribúan a converter a biblioteca nun referente cultural e educativo aberto a toda a comunidade.

6 Potenciar o voluntariado escolar e a implicación activa do alumnado na xestión e dinamización da biblioteca, promovendo valores de solidariedade, cooperación e responsabilidade compartida.

Favorecer a formación e participación do alumnado voluntario en tarefas de organización, préstamo, difusión dos recursos e colaboración nas actividades da biblioteca, a través do programa Bibliotecas Escolares Solidarias.

7 Reforzar a presenza e difusión da biblioteca nos medios dixitais e nas redes sociais do centro, utilizando estes espazos como canles de comunicación, información e promoción dos recursos, actividades e novidades.

Manter actualizados os espazos dixitais da biblioteca e fomentar a participación da comunidade educativa mediante a difusión de propostas lectoras e culturais.

8 Consolidar a biblioteca como un espazo inclusivo, dinámico e aberto á comunidade educativa, garantindo a igualdade de oportunidades no acceso á lectura, á información, á cultura e aos recursos para a aprendizaxe

Favorecer a diversidade de intereses e necesidades, a participación de todos os usuarios e a utilización da biblioteca como espazo de encontro, convivencia e aprendizaxe ao longo da vida.

7.3. Liñas prioritarias de actuación:

1. Organización e xestión da biblioteca: Actualización dos fondos bibliográficos, mellora dos espazos e equipamentos e optimización dos servizos e recursos dispoñibles.
2. Fomento da lectura: Desenvolvemento de clubs de lectura, reto lector, recomendacións bibliográficas e actividades de animación á lectura.
3. Alfabetización informacional e dixital: Formación de usuarios e realización de actividades para aprender a buscar, seleccionar, contrastar e utilizar a información de maneira crítica e responsable.
4. Dinamización cultural e interdisciplinar: Organización de obradoiros, concursos, celebracións e actividades culturais en colaboración cos departamentos e os diferentes proxectos do centro.
5. Participación e voluntariado: Implicación do alumnado, das familias e do profesorado na vida da biblioteca, promovendo a colaboración e o voluntariado escolar.
6. Biblioteca inclusiva e apoio á aprendizaxe: Incorporación de recursos adaptados e desenvolvemento de propostas que garantan a participación e o acceso de todo o alumnado á lectura e á aprendizaxe.
7. Comunicación e difusión: Actualización do blog e das redes sociais para dar a coñecer os recursos, novidades e actividades da biblioteca.

8. Plan de convivencia (PConv)

8.1. Contexto:

As Normas de Organización e Funcionamento (NOF) son unhas normas de carácter superior e de maior proxección temporal que este Plan. Este documento, asumindo a orientación xeral das NOF, pretende concretar as normas e procedementos para cada curso, sen prexuízo de que moitas delas poidan permanecer máis anos.
Respecto da súa utilidade os dous documentos son plenamente aplicables e deben ser compatibles, prevalecendo as Normas de Organización e Funcionamento en caso de incompatibilidade ou incoherencia entre ambos.
Acudirase ao Plan de Convivencia como referencia inmediata nos asuntos ordinarios da convivencia, sobre todo cunha orientación preventiva e de corrección inmediata, sen prexuízo de que, sobre todo en actuacións de corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, se aplique directamente o previsto nas NOF.
En todo caso, esgotadas as posibilidades de organizar a convivencia, previstas neste Plan, habería que acudir ás que establecen as normas superiores: as NOF, a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a citada lei.
Feita unha análise dos documentos do centro (partes de expulsións, expedientes disciplinarios, etc.) extráense as seguintes conclusións:

- Polo xeral, o clima do Centro é positivo e o sistema de relacións, tanto dentro dos diferentes sectores da Comunidade educativa, como entre eles é correcto e respectuoso.
- O tipo de conduta problemática máis frecuente foi a que corresponde aos alumnos dos primeiros cursos da ESO e FP Básica e ten que ver con incumprimentos de deberes, faltas de respecto ao profesorado ou compañeiros... Estes comportamentos eméndanse fundamentalmente co diálogo e coa aplicación das correccións que as NOFC contempla para estes casos. Por outra banda, tradicionalmente o alumnado de 1º FPB é o que rexistra o maior número de faltas de conduta, polo que se tratará de intervir desde o comezo de curso para lograr paliar e reconducir a situación.
- Detéctanse casos de alumnos con comportamentos disruptivos na aula, que impiden que a clase se desenvolva con normalidade, interrompendo ao profesor, incluso faltándolle ao respecto. Son alumnos, por outra parte, que en xeral non amosan interese ningún polas materias impartidas, en moitas ocasións non traen o material necesario a clase, repetiron curso algunha vez ao longo da súa escolaridade, presentan trastornos de aprendizaxe e acumulan un significativo atraso escolar. A idade destes alumnos adoita estar entre os 14 e 16 anos, e, polo xeral, esperan acadar a idade que lles permita abandonar o ensino obrigatorio.
- Así mesmo obsérvanse crecentes condutas irrespetuosas co coidado do material e dos espazos do centro que temos que corrixir.
- Obsérvanse, moi puntualmente, condutas irrespetuosas relacionadas co mal uso de teléfonos móbiles e outros aparellos electrónicos que transgreden o dereito á intimidade dos individuos e constitúen unha ofensa grave para a súa dignidade; estas consisten basicamente en gravacións de sons e imaxes fixas ou en movemento das persoas sen o seu consentimento ou do desenvolvemento das clases ou outras actividades sen a autorización correspondente.
- Os profesores manifestan maioritariamente que o comportamento dos nosos alumnos é, habitualmente, bo e respectuoso. As condutas máis reprobadas polo profesorado son as que teñen que ver cos alumnos que teñen pouco interese polas súas clases, que non traballan, que non traen o material necesario, que non prestan atención ou /e distraen aos seus compañeiros, interrompendo a marcha normal da clase. Dan unha importancia especial ao comportamentos que supoñen falta de respecto ao profesor, cando esta se acompaña dun enfrontamento público e pode implicar menoscabo da autoridade do profesor diante do resto dos compañeiros.
- Ás familias preocúpanlles principalmente aquelas actitudes dos alumnos que interfiran no proceso de ensino – aprendizaxe dos seus fillos, que impidan que as clases se desenvolvan nas mellores condicións e non poidan aproveitarse debidamente.
- Os alumnos conceden importancia principal a que se respecten as súas pertenzas e a que o comportamento dos compañeiros non dificulte que as clases poidan impartirse con normalidade.

8.2. Obxectivos do plan:

1 Implicar a toda a comunidade educativa no desenvolvemento deste plan de convivencia para mellorar as relacións e condutas dos alumnos.

2 Facilitar a prevención, detección, seguimento e tratamento dos distintos conflitos que se presenten no centro, prestando especial atención os relacionados co acoso-maltrato, violencia de xénero, xenofobia ou racismo.

3 Promover e velar pola resolución pacífica dos conflitos que se poidan crear no centro, como un medio positivo e construtivo en favor da prevención ante distintas situacións de violencia que se poidan xerar.

4 Utilizar as medidas punitivas como último recurso para solucionar os problemas de convivencia, e só cando as estratexias motivadoras e educativas non dean o resultado esperado.

5 Inculcar o respecto polas normas de convivencia do centro e que estas sexan asumidas como propias por todos os integrantes da comunidade educativa.

6 Artellar mecanismos de prevención para reducir ao máximo as faltas leves e graves contrarias á convivencia.

7 Promover un bo uso do edificio, instalacións, mobiliario e material escolar, así como fomentar prácticas de orde e hixiene espacial e persoal.

8.3. Liñas prioritarias de actuación:

MEDIDAS PREVENTIVAS
Actividades de integración, participación e acollida: realizaranse cada ano nos primeiros dous meses do curso e algunhas actividades, como a xornada de portas abertas, ao remate do curso conforme aos documentos nos que están desenvolvidas.

- PLAN DE ACOLLIDA DE ALUMNOS: Alumnos procedentes de 3º ciclo de primaria (xornada de portas abertas), alumnos de nova matriculación e alumnos procedentes do estranxeiro.
- ELECCIÓN DE DELEGADOS: Preparación e desenvolvemento. (Anexo II) (PAT): Establecer un clima de clase apropiado desde o comezo de curso: Entrega ao profesorado dun protocolo de actuación de carácter orientativo para un desenvolvemento satisfactorio do tempo de clase.

Puntualidade, absentismo escolar e elaboración das normas de clase

- Control riguroso da puntualidade e absentismo escolar, informando puntualmente ao xefe de estudos seguindo as pautas establecidas no protocolo de absentismo do 2026.
- Durante o mes de setembro, débense elaborar na aula as normas da clase. Trátase da elaboración dunhas normas de convivencia para cada grupo na que participan o titor e os alumnos e que deben ser unha concreción do recollido nas NOF. É tan interesante o proceso de reflexión e de asunción de compromisos persoais como o resultado, e pode ter vantaxes como as seguintes:
  - Elaborar as normas de convivencia para a clase contando co alumnado, fai que este amose unha maior implicación no seu cumprimento e mantemento.
  - Asúmenas con maior facilidade e presentan unha actitude máis responsable ante elas.
  - Os procesos de seguimento das normas consensuadas supoñen un instrumento moi útil para a autoavaliación de condutas por parte do alumnado e para a resolución dos conflitos internos do grupo
  - Facilita a interiorización de actitudes de responsabilidade e colaboración entre o alumnado.

Relacións familia-centro

- Reunión de pais por niveis no mes de setembro para os cursos da ESO, BACH e FPB. Presentación do titor/a, do Equipo Directivo e orientador/a ás familias.
- Proporcionar información básica sobre o funcionamento das clases e do equipo docente: horarios, recepción de

pais, calendario escolar, puntualidade e absentismo escolar...
- Recollida de información básica do alumnado.
- Entrevistas.
- Información das Normas de Convivencia
- Difundir o Plan de Convivencia.

Actividades de sensibilización acoso-maltrato

- Programas de habilidades sociais e resolución de conflitos como prevención ao maltrato.
- Formar alumnos/as mediadores para que poidan actuar en situacións de maltrato.???
- Difundir o Plan de Convivencia.

Actividades de prevención e sensibilización sobre a igualdade de xénero, a educación para a paz, sexualidade, drogodependencia, VIH, hábitos de vida saudables, consumo de tabaco, seguridade, etc.
Realízanse ao longo de todo o curso de acordo co Plan de orientación e Acción Titorial. Tamén as incluídas dentro do Plan Director.
Sobre todos estes temas, pola súa importancia e pola súa transversalidade, levaranse a cabo actividades de prevención e sensibilización que competen e comprometen a todos os membros da comunidade educativa. Dende o departamento de orientación, a través da titoría e coa colaboración da Xefatura de Estudos organizaranse talleres, charlas, etc, que se programan no Plan de Orientación e Acción Titorial:

- Talleres de habilidades sociais: habilidades cognitivas, dilemas morais e toma de decisións.
- Taller prevención do consumo de drogas.
- Talleres de educación sexual.
- Actividades sobre violencia de xénero.
- Conmemoración do Día Internacional contra a Violencia de Xénero (25 de novembro)
- Día da Muller (8 de marzo) con actividades diversas[URL1] .
- Taller de hixiene e saúde.
- Conferencias e charlas sobre educación vial a cargo da policía local de Cambados.
- Educación para o ocio: vídeoxogos e teleadicción:- elección de xogos -aprender a ver a tv,etc.
- Taller de prevención de anorexia e bulimia.
- Orientación académica.
- Taller de orientación sobre os perigos e o bo uso de internet, as redes sociais e as novas tecnoloxías.

Organización da vixilancia

- Vixiar a zona de distribución e os patios no horario de recreo.
- Vixiar a saída e entrada do Centro.
- Corredores e WC nos tramos horarios que coincidan con cambios de clase.

MEDIDAS PARA A DETECCIÓN E RESOLUCIÓN DE CONFLITOS
Aula de convivencia
Fomentar o uso desta aula como un espazo de reflexión guiada sobre o sucedido. Colaboración da xefatura de estudos, o departamento de orientación e a coordinación de convivencia e benestar.
Normas de uso de aparatos e equipos electrónicos e inclusión nas NOF

- Normas sobre a privacidade da imaxe e a información persoal.
- Normas sobre a apropiación e uso da información privada en calquera formato (papel, electrónico, ..)

Protocolo de actuación en caso de maltrato
Seguirase o establecido no protocolo correspondente (Educonvives.gal).

MEDIDAS PARA O SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E REVISIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA
O Observatorio de Convivencia Escolar do centro realizará o seguimento trimestral do Plan de Convivencia e coordinará as actuacións e medidas contidas no mesmo. Valorará os avances que se produzan e identificará as dificultades que xurdan propoñendo ao Consello Escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia no centro.
O seguimento do plan de convivencia será función da xefatura de estudos. Será presentado ante o consello escolar á fin de cada trimestre, así como un balance final ao remate do curso.
Todo iso incorporarase á memoria do Plan de Convivencia.

Avaliación
O equipo directivo elaborará ao final de cada curso académico unha memoria que avalíe o Plan de Convivencia, incluída na memoria final da xefatura de estudos. Darase a coñecer ao claustro de profesores, ANPA, e a Xunta de Delegados de alumnos, para que poidan realizar propostas de mellora. Esta memoria debe ser aprobada polo Consello Escolar e incorporarase á Memoria Final.
Revisión
A análise dos datos relativos ás condutas contrarias ás normas de convivencia e as gravemente perxudiciais ás normas de convivencia así como as correccións adoptadas realizarase trimestralmente e ao rematar o curso escolar. Estes datos servirán, xunto coas enquisas pertinentes aos distintos sectores da comunidade educativa e as propostas de mellora recollidas na memoria final, para establecer o diagnóstico que sirva de base para a revisión do Plan de convivencia ao comezo do curso seguinte no que se adoptarán as medidas de planificación dos recursos, asesoramento, orientación, formación e intervención que correspondan.

FUNCIONAMENTO E RESPONSABLES DO PLAN DE CONVIVENCIA
A Aula de convivencia estará atendida durante todo o horario lectivo, ben por un membro do ED ou ben por un profesor de garda.
A xefatura de estudos actuará como responsable da AdC, coas seguintes funcións:

- Coordinar todas as actuacións realizadas na aula de convivencia (protocolos de derivación e materiais elaborados polo alumnado).
- Recabar toda a información para a súa comunicación ao Departamento de orientación, á coordinación de convivencia e benestar e aos titores. Reunión tit-do-xe / reunión cb-do-xe.
- Recopilar os materiais que cada alumno ou alumna realice durante na súa estancia na Aula. Este material será entregado ao coordinador polo profesor que estivo de garda en dita aula.
- As persoas responsables da Aula realizarán os controis de asistencia do alumnado derivado, facilitándolle o material necesario e anotando o seu comportamento e actitude.

9. Plan de dinamización da lingua galega (PDLG)

9.1. Contexto:

O IES Francisco Asorey emprázase no concello pontevedrés de Cambados, na rúa dos Caeiros nº 25, moi preto do barrio mariñeiro de San Tomé e tamén dun contorno agrícola.
O concello de Cambados ten unha extensión de 23,2 Km2, está integrado polas parroquias de Cambados, Castrelo, Corvillón, Oubiña e Vilariño e ten arredor dos 14000 habitantes.
Como en moitos dos concellos limítrofes, a actividade económica móvese en gran parte polo sector servizos, e logo cumpren unha función tamén importante a pesca, a industria e a agricultura. Estas actividades económicas e os movementos poboacionais do mundo actual fan tamén que Cambados conte cunha parte da súa poboación chegada doutros países; deste xeito, contaremos no noso centro con un pouco alumnado que se está achegando á cultura e ó idioma galego.
Os datos que extraeremos da situación da lingua galega na contorna do noso centro de ensino son, sen dúbida, xeneralizables a moito máis territorio galego. O galego é unha lingua empregada e habitual non só a nivel familiar, senón como vehículo de expresión en entidades asociativas e tamén no concello. Non obstante, este dato que se presenta como positivo non pode ocultar outro máis desalentador: o uso da nosa lingua descende radicalmente segundo descende a idade dos falantes (polo tanto, o uso familiar non sería interxeracional), nas entidades privadas non hai querencia cara o galego, os usos públicos do galego non aseguran que os individuos se consideren “usuarios” desa lingua, etc. É dicir, o que observamos nos nosos rapaces e rapazas respecto da lingua é seguramente o mesmo que ocorre na maioría dos concellos galegos e nesta franxa de idade. É o que na Lingüística se coñece como teoría do "desaaxuste lingüístico".
Desaxuste lingüístico que ten que ver co desaxuste lingüístico-cultural entre a casa e a escola. Este desaxuste lingüístico provocaría actitudes negativas caras as linguas-normalmente as linguas minoritarias (Bernstein, 1964). É por isto que Skutnabb-Kangas e Toukomaa (1976) propoñen a hipótese do umbral, que afirma que, para que se acade unha boa competencia nunha L2, a competencia na lingua inicial debe atanguer alomenos o nivel umbral. É dicir, se a competencia na lingua inicial é baixa, tamén será pobre a adquisición das competencias básicas nunha segunda lingua.
No tocante ao no noso centro de ensino, o IES Francisco Asorey conta con alumnado dos seguintes niveis de ensino: ESO, Bacharelato, ESPA (Mñodulos M3 e M4) , FPBásica, 2 ciclos medios e 2 ciclos superiores.
Se observamos os hábitos lingüísticos do alumnado do IES Francisco Asorey veremos que conviven, como é lóxico o galego e o castelán. Pero imos atopar diferenzas nos seus usos. A este centro está adscrito moito alumnado residente fóra do espazo urbano do concello, e tamén a maioría dos residentes no núcleo da vila, poderiamos dicir que a partes iguais. Deste xeito xustifícase o uso da lingua galega en alumnos e alumnas onde é a lingua familiar, e outros que teñen o uso do castelán xustificado en que xa vén de xeracións anteriores e residentes no núcleo do concello. É dicir, a situación vén sendo a mesma dende cursos pasados: o alumnado usa as dúas linguas coñecidas, pero é claro o aumento do uso do castelán, en calquera dos niveis do centro.
Partindo da observación directa e dos estudos sociolingüísticos contémplase un progresivo abandono social do galego en favor do castelán, coincidindo co proceso urbanizador que trouxo consigo o paulatino desprestixio do galego. Así, nos espazos urbanos e vilegos, foise impoñendo o castelán, quedando o galego sumido no ámbito familiar. Amais, hai que ter en conta o retorno da emigración procedente de Lationamérica a partir dos anos 90 na supervivencia do galego, xa que se produce a mudanza na lingua inicial (galego) cara a lingua do país de acollida (normalmente, castelán). De por parte, esa L2 que se converte en habitual é a que se transmite aos fillxs. En palabras de Anxo Lorenzo (2009:23):
"O proceso de abandono do galego polo castelán fundamentouse nunha redución do uso das funcións sociais da lingua galega nas familias, no mantemento das actitudes desfavorables ante o galego, no nulo apoio institucional (...) e a ausencia de recoñecemento oficial."
Tendo en conta todos os estudos e investigacións previas, terase en conta a dinámica de Hymes (1971) que argumenta que a lingua é un medio máis que un fin estrutural, polo que se establece que a competencia comunicativa é o obxectivo principal na aprendizaxe de linguas. Así, Hymes apunta que a importancia da aprendizaxe de linguas radica na comunicación e non na mera memorización das estruturas gramaticais. Desta maneira, grazas ao enfoque comunicativo (communicative approach), que nace dos postulados da psicolingüística e da lingüística aplicada, podemos centrar as actividades de Dinamización da Lingua Galega en situacións de fala reais, algo que non sería posible con outros métodos como o tradicional e/ou audiolingual.

9.2. Obxectivos do plan:

1 Dar a coñecer o traballo dinamizador do equipo ao exterior. Mostrar que o galego non só é válido no ámbito cotiá e cultural, senón tamén no tecnolóxico e científico.

Mostrar que o galego non só é válido no ámbito cotiá e cultural, senón tamén no tecnolóxico e científico.

2 Potenciar a participación activa do alumnado no desenvolvemento do proxecto de maneira eficiente, innovadora e favorecendo a creatividade dixital en galego.

Potenciar a participación do alumnado en proxectos de Radio escolar en galego para promover o idioma e tamén para traballar e reforzar a oralidade en calquera lingua.

3 Colaborar con institucións alleas ao centro. Sensibilizar sobre a importancia da diversidade lingüística e cultural na nosa contorna.

Colaborar con institucións como o Concello de Cambados para promover a literatura producida por escritorxs noveis en galego.

4 Concienciar da importancia de ter unha lingua propia como sinal de identidade, tamén cultural. E a relación do galego co portugués, para amosar a proximidade lingüística e recoller as oportunidades que nos ofrecen as linguas próximas e en contacto.

Concienciar da importancia de ter unha lingua propia a través dos oficios do mar en Cambados.

5 Coñecer, valorar e respectar o patrimonio lingüístico e cultural sobre o mar de Cambados.

Dar a coñecer, valorar e respectar o patrimonio lingüístico e cultural do mar en Cambados (redeiras, marisqueo, cerco...)

6 Coñecer, valorar e respectar o patrimonio lingüístico e cultural sobre o mar de Cambados.

Recoller léxico patrimonial sobre o sector do mar en Cambados.

7 Eliminar, pouco a pouco, prexuízos lingüísticos causados pola diglosia e o bilingüismo harmónico. Tamén sensibilizar sobre a importancia da diversidade lingüística inclusiva e non sexista.

Eliminar prexuízos lingüísticos a través do contacto con alumnado de centros europeos.

8 Aproveitar a IA como ferramenta.

Aproveitar as ferramentas como a IA para facer portadas, montaxe de audios de radio...

9.3. Liñas prioritarias de actuación:

- Fomento da oralidade e da competencia comunicativa.
  - Impulsar o uso activo do galego nas interaccións cotiás e informais dentro e fóra da aula, superando os prexuízos lingüísticos e xerando espazos seguros de conversa, debate e expresión oral espontánea entre o alumnado.
- Dinamización nos ámbitos dixitais e audiovisuais.
  - Promover a creación e o consumo de contidos en galego nas redes sociais, plataformas de streaming e medios dixitais, conectando a lingua cos formatos tecnolóxicos e coa cultura urbana que consome a mocidade.
- Transversalidade curricular e implicación departamental.
  - Integrar o galego como lingua vehicular en proxectos interdisciplinares de áreas científicas, tecnolóxicas e artísticas, rompendo a asociación exclusiva do idioma co ámbito humanístico ou literario.
- Acollida lingüística e integración sociocultural.
  - Garantir a inclusión do alumnado neofalante ou procedente de fóra de Galicia mediante plans de acompañamento e titoría entre iguais, favorecendo unha actitude positiva e de respecto cara á diversidade lingüística.
- Protagonismo estudantil e liderado xuvenil.
  - Fomentar a participación activa do alumnado na toma de decisións, deseño e execución das actividades do Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG), converténdoos nos principais axentes dinamizadores do centro.
- Apertura á contorna e proxección comunitaria.
  - Establecer redes de colaboración coas familias, o tecido asociativo local, as bibliotecas e os axentes culturais da zona para proxectar o uso do galego máis alá do recinto escolar.
- Visibilización e coidado da paisaxe lingüística.

- Garantir que o galego sexa a lingua habitual e visible na sinalética, nas comunicacións oficiais, nas publicacións e nos espazos comúns do instituto, reforzando o seu prestixio institucional.
- Renovación cultural e celebración de efemérides.
- Actualizar o enfoque das conmemoracións tradicionais e das letras galegas, vinculándoas con referentes culturais contemporáneos (música, banda deseñada, cinema) atractivos para a adolescencia.

10. Plan dixital (PDix)

10.1. Contexto:

Situación de partida e recursos materiais
O instituto conta cunha ampla infraestrutura tecnolóxica:

- Aulas ordinarias e especializadas: 20 aulas de propósito xeral dotadas con ordenador e pantalla interactiva e 2 aulas de informática (con 30 equipos cada unha), laboratorios e talleres de Tecnoloxía.
- Aulas e obradoiros de Formación Profesional: Talleres de FP Básica e 6 aulas especializadas dos ciclos de Electrónica e Telecomunicacións equipadas con sistemas microinformáticos, redes de datos e un estudo de produción audiovisual. Ademais, dispón de 4 obradoiros da familia de Administración con 90 ordenadores e canóns proxectores.
- Servizos e mantemento propio: O centro dispón de páxina web corporativa, contorna Abalar e Aula Virtual. O mantemento e soporte técnico realiza de xeito autónomo o equipo TIC pertencente ao Departamento de Electricidade e Electrónica, o que constitúe unha fortaleza organizativa clave.

Diagnóstico DAFO (Enquisas SELFIE e Test CDD)
A análise diagnóstica, elaborada a partir dos resultados dos cuestionarios SELFIE e Test CDD do profesorado, amosa o seguinte panorama:

- Debilidades e necesidades de mellora: Necesidade de profundizar no traballo do pensamento computacional e na resolución de problemas técnicos co alumnado; xestión do tempo lectivo para o uso integrador da tecnoloxía; e actualización da formación docente en novas ferramentas.
- Fortalezas: Excelente dotación de dispositivos e acceso á rede; mantemento e asistencia técnica realizada por persoal propio do centro; uso consolidado da Aula Virtual, BoxAbalar e servizos corporativos; e un elevado compromiso do profesorado coa creación de recursos e o comportamento seguro na rede.
- Amezas: Escasa cultura de uso dixital de alumnado e familias. Descoñecemento das normas de propiedade intelectual e os dereitos de autoría por parte da maioría da comunidade educativa.
- Oportunidades: Participación en redes profesionais e proxectos de colaboración intercentros, así como a creación e aproveitamento do espazo dos Polos Creativos para proxectos multidisciplinares

10.2. Obxectivos do plan:

1 Actualizar e manter o equipamento tecnolóxico do centro e dinamizar o seu uso pedagóxico polo profesorado.

Renovar e optimizar os recursos TIC do instituto (incluído o desenvolvemento, instalación e configuración dos paneis e pizarras dixitais) e proporcionar asesoramento ao profesorado para a súa integración efectiva nas aulas

2 Impulsar o uso de novas ferramentas dixitais corporativas e espazos compartidos para a xestión interna e a acción titorial.

Promover a utilización de BoxAbalar e contornas virtuais corporativas entre os departamentos didácticos e os equipos de titoría para optimizar a coordinación, o almacenamento seguro de datos e o seguimento da atención á diversidade

3 Desenvolver produción audiovisuais para potenciar a expresión dixital do alumnado.

Artellar obradoiros e proxectos de creación de contidos dixitais (coma podcasts, vídeos e produción no estudo audiovisual) coordinados polo equipo TIC e os departamentos didácticos

4 Dinamizar o espazo dos Polos Creativos para promover a aprendizaxe baseada en proxectos multidisciplinares e a innovación tecnolóxica.

Crear e consolidar un grupo de traballo docente que desenvolva obradoiros, investigacións e desafíos interdisciplinares no espazo dos Polos Creativos, fomentando o traballo colaborativo e o pensamento computacional

10.3. Liñas prioritarias de actuación:

Xestión, mantemento e actualización da infraestrutura TIC:

- Constitución do equipo encargado da posta a punto e diagnose de necesidades de actualización do equipamento informático e audiovisual do centro.

- Instalación, configuración e seguimento dos novos paneis e pizarras dixitais interactivas nas aulas.

Dixitalización organizativa e xestión de contidos corporativos:

- Obradoiros de exploración e implantación da utilidade BoxAbalar para os departamentos e equipos docentes.
- Creación e actualización permanente dun repositorio dixital coa información e manual de uso do equipamento do centro.
- Integración de ferramentas informáticas corporativas na acción titorial e no seguimento do alumnado.

Creación de contidos audiovisuais e competencia dixital do alumnado:

- Coordinación do uso e mantemento do equipamento do estudo de produción audiovisual.
- Elaboración de guías e documentos sobre o manexo do material audiovisual para o profesorado e alumnado.
- Desenvolvemento de podcasts, radio escolar e vídeos educativos en proxectos interdisciplinares.

Dinamización dos Polos Creativos e proxectos multidisciplinares:

- Formación do grupo de traballo docente nos Polos Creativos e participación en actividades formativas do CFR.
- Deseño e posta en marcha de desafíos e investigacións tecnolóxicas interdisciplinares co alumnado.

11. Plan de formación do profesorado (PFProf)

11.1. Contexto:

O Plan de Formación do Profesorado (PFProf) do IES Francisco Asorey responde á necesidade de actualización permanente do claustro docente para afrontar os retos pedagóxicos, dixitalizadores e de convivencia do centro. A análise diagnóstica sinala un proceso relevante de renovación xeracional do claustro debido ás xubilacións previstas nos vindeiros cursos, ao tempo que destaca o interese e a motivación de gran parte do profesorado pola innovación educativa e a mellora da calidade do ensino.
O plan fundamentase na colaboración estreita co Centro de Formación e Recursos (CFR) de Pontevedra e articúlase a través do Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP). O contexto de intervención vén determinado polos seguintes eixes estratéxicos: a dixitalización dos procesos de xestión e acción titorial, a estandarización da atención á diversidade e do apoio ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE), o impulso dos proxectos de internacionalización (eTwinning e Erasmus+), o adestramento en primeiros auxilios, o desenvolvemento do Plan de Igualdade e a posta en marcha de estratexias de mediación escolar e prevención do acoso.

11.2. Obxectivos do plan:

1 Favorecer a formación permanente e a innovación pedagóxica do profesorado en colaboración co Centro de Formación e Recursos (CFR).

Deseñar e desenvolver modalidades formativas (cursos, obradoiros e grupos de traballo) integradas no PFPP que respondan ás necesidades detectadas nos departamentos didácticos e nos órganos de coordinación pedagóxica.

2 Capacitar ao profesorado no uso das tecnoloxías dixitais e nas ferramentas informáticas de xestión titorial e coordinación interdepartamental.

Formar ao docente no manexo das contornas dixitais de aprendizaxe, nos recursos compartidos en servidores internos e no uso de aplicacións para o seguimento e atención á diversidade.

3 Desenvolver competencias docentes para a atención á diversidade, a mediación escolar, a igualdade de xénero e a prevención do acoso.

Proporcionar estratexias e ferramentas prácticas para o apoio ao alumnado NEAE na aula ordinaria, a resolución pacífica de conflitos entre iguais e o correcto funcionamento do observatorio de acoso escolar e do Plan de Igualdade.

4 Promover a formación do profesorado na xestión de proxectos internacionais de aprendizaxe de linguas e na metodoloxía investigadora dos Polos Creativos.

Adestrar aos docentes no deseño e desenvolvemento de proxectos eTwinning, mobilidades Erasmus+ e desafíos multidisciplinares nos Polos Creativos para dinamizar o plurilingüismo e o enfoque competencial

11.3. Liñas prioritarias de actuación:

Formación en atención á diversidade e éxito escolar:

- Cursos e obradoiros sobre estratexias de apoio dentro da aula ordinaria para alumnado NEAE.
- Formación na estandarización dos modelos e plans de reforzo e recuperación.

Dixitalización e xestión titorial:

- Formación nas ferramentas informáticas e contornas virtuais corporativas para a xestión integral da acción titorial e o seguimento do alumnado.
- Integración de recursos compartidos nos servidores internos do centro.

Convivencia, igualdade e benestar:

- Obradoiros de formación específica sobre mediación escolar e estratexias de resolución pacífica de conflitos.
- Formación no deseño e aplicación de protocolos de prevención, detección e seguimento de casos de acoso escolar (Observatorio de Acoso).
- Accións formativas vinculadas á dinamización do Plan de Igualdade de xénero e prevención da violencia sexista.

Internacionalización e innovación metodolóxica:

- Formación inicial e avanzada do profesorado en proxectos colaborativos internacionais (eTwinning e Erasmus+) e desenvolvemento de grupos de conversa co apoio de auxiliares de conversa.
- Formación competencial no deseño de investigacións e proxectos multidisciplinares no espazo dos Polos Creativos.

Formación en saúde e seguridade:

- Cursos de actualización en primeiros auxilios e atención sanitaria urxente no ámbito escolar en colaboración co CFR

12. Plan de igualdade (PIgual)

12.1. Contexto:

O Proxecto educativo do IES Francisco Asorey recolle entre o seu ideario de obxectivos os puntos:
- O centro asume e defende o pluralismo ideolóxico e moral que se fundamenta na aceptación e o respecto mutuo e dos dereitos humanos.
- O centro identifícase cos valores da coeducación, e por elo con unha educación para a igualdade sen discriminación por ra-zón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, convicciónss políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

No centro non observamos nin temos rexistradas nos últimos cursos incidencias relacionadas coa discriminación por razóns de xénero. Si que observamos que o alumnado, á hora de agruparse, ten a tendencia de facelo maioritariamente con persoas do seu mesmo sexo, sobre todo nos tempos de lecer.
Tamén temos observado puntualmente que certos alumnos ás veces deixan ver que teñen asumidos e interiorizados certos estereotipos de xénero. Isto é máis fácil de observar nos alumnos de ESO, sobre todo nos cursos de primeiro e segundo.
Así mesmo, observamos certas condutas machistas por parte dalgúns alumnos. Trátase de diferenzas puntuais á hora de tratar ou falar coas compañeiras e profesoras.
En canto ás cuestións de identidade de xénero, temos utilizado o protocolo correspondente en máis dunha ocasión e non se observaron ningún tipo de discriminación por parte do alumnado nin por parte das familias implicadas. A acollida e reacción dos membros da comunidade educativa é moi positiva.
No tocante ás familias, non observamos ningún tipo de trato diferenciado cara o profesorado segundo o seu xénero. Anecdóticamente lembramos algún caso dalgunha familia procedente doutro tipo de culturas onde as desigualdades entán moito máis marcadas (familias de orixe árabe, por exemplo).
A pesares de todas as cousas positivas que vimos observando no noso centro, temos que ter sempre a ollada pendente por se houbese algún tipo de reacción contraria á igualdade xa que a sociedade na que vivimos actualmente ven rexistrando un aumento nas incidencias relacionadas coa igualdade e a identidade de xénero. O noso alumnado ben o merece.

12.2. Obxectivos do plan:

1 Promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

2 Prever, detectar e intervir en casos de violencia de xénero

3 Promover o respecto pola diversidade afectivo-sexual

4 Prever, detectar e intervir en casos de LGTBIfobia

12.3. Liñas prioritarias de actuación:

Actuacións sobre a organización do centro:
- Favorecer a representación de homes e mulleres nos óganos de decisión e representación de xeito equitativo.
- Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de igualdade.
- Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade (con especial atención ás familias).

- Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.
- Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.
- Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas.
- Desenvolver actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar (25 de novembro, 8 de marzo, celebracións LGBTI etc.).
- Desenvolver actividades no centro relacionadas coa igualdade de xénero e a diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar.
- Levar a cabo unha orientación laboral e profesional libre de estereotipos, poñendo o foco na incorporación aos itinerarios na ESO, ás modalidades no bacharelato e aos ciclos de formación profesional.
- Promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.
- Participar en programas específicos de igualdade de xénero para traballar a coeducación desde o currículo.
- Eliminar de todos os carteis ou imaxes calquera signo de intolerancia.
- Eliminar calquera signo de desigualdade/diferenza que puidese existir no centro (cor da pintura dos aseos masculino e feminino igual, por exemplo).
- Nas actividades extraescolares e complementarias estar pendentes ás actitudes intolerantes e de estereotipos de xénero que puidesen xurdir.

Liñas de actuación para a eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes:
- Fomentar a inclusión e a diversidade, por exemplo, á hora de elaborar grupos de traballo.
- Organizar un banco de documentos (propios e adquiridos), libres de esteriotipos e de violencias de xénero.
- Realizar a incorporación dos fondos bibliográficos da Biblioteca Escolar con materiais que non sexan contrarios aos principios deste plan.
- Traballar a diversidade afectivo-sexual dacordo co Plan Anual de Orientación e co Plan de Atención á Diversidade do centro.
- Solicitar formación para profesorado nesta materia, por parte da Consellería de Educación e/ou entidades que teñan unha traxectoria neste eido e que poidan aportarnos ferramentas de axuda e colaboración.
- Os proxectos que se leven a cabo deberán estar libres dos estereotipos de xénero.
- Facer fincapé no día da muller (8 de marzo) e a ruptura de roles de xénero, e que esa perspectiva sexa positiva.
- Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade...
- Revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).
- Realizar actividades de sensibilización na aula.
- Realizar actividades de información e sensibilización coas familias.

Liñas de actuación para a xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo:
- Velar para que non se dean comportamentos de abuso, burlas, acoso ou calquera conduta impropia en calquera espazo do centro.
- Velar para que calquera espazo do recinto escolar estea libre de accións contrarias á convivencia e ao trato igualitario.
- Adecuación dos espazos do centro para un uso igualitario dos xéneros.
- Ofrecer ao alumnado modelos profesionais que estean libres de estereotipos de xénero.
- Difundir informacio¿n sobre a igualdade a través dos taboleiros do centro.
- Promover lecturas coeducativas a través da Biblioteca Escolar.
- Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.
- Revisar a idoneidade das entidades colaboradoras co centro en canto ao respecto á diversidade sexual e de xénero, poñendo o foco nas empresas.
- Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara a igualdade real.
- Xestionar as actividades e da ocupación do patio para favorecer a inclusión.
- Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos.
- Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.
- Previr o acoso sexual, por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero do alumnado na realización da fase de prácticas na empresa como parte da prevención de riscos laborais.
- Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado etc.

Liñas de actuación para a inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar:
- Traballar sempre cos valores que inspiran este Plan de Igualdade.
- Aplicar os protocolos que xa existen neste eido cando sexa necesario.
- Facer partícipes ao alumnado nesta tarefa, que investiguen e recoñezan
- Promover o respecto e do bo trato entre mulleres e homes.
- Promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente etc.
- Promover o respecto cara a¿ diversidade sexual e de xe¿nero.
- Promover metodolox¿¿as activas participativas e cooperativas.
- Promover a corresponsabilidade na realizacio¿n das tarefas.
- Promover actividades de intervención social na comunidade educativa comportamentos inaxeitados e que poidan causar dano a outras persoas.

13. Plan de lectura, escritura e acceso a información (PLEA)

13.1. Contexto:

Para establecer a situación de partida tivéronse en conta os resultados das probas de diagnóstico, os datos das avaliacións, a información achegada polo Departamento de Orientación e as enquisas realizadas ao alumnado, ás familias e ao profesorado. Os resultados académicos nas competencias lingüísticas son, en termos xerais, satisfactorios, aínda que se identifican determinados grupos e alumnado que precisan reforzar a comprensión lectora e a expresión escrita.
No ámbito familiar, obsérvase unha dispoñibilidade xeral de materiais de lectura e recursos informáticos nos fogares, así como unha valoración positiva da lectura. Porén, a participación nalgunhas actividades culturais e o uso dos recursos bibliotecarios da contorna son mellorables.
En relación cos hábitos lectores, as enquisas amosan que unha parte importante do alumnado non ten consolidada a lectura como actividade habitual de lecer e que existe unha participación reducida nas actividades da biblioteca escolar e nos clubs de lectura. Aínda que o profesorado dos distintos departamentos incorpora propostas lectoras nas súas materias e existe unha valoración positiva dos servizos da biblioteca, detéctase a necesidade de incrementar a motivación lectora, diversificar as propostas e consolidar tempos específicos de lectura libre, xa que actualmente non existe un período diario común para todo o alumnado.
No ámbito da expresión escrita, apréciase unha menor predisposición cara a esta práctica, que adoita estar vinculada principalmente ás tarefas académicas. Cómpre, polo tanto, reforzar a escritura como ferramenta de aprendizaxe e expresión persoal, traballando a planificación, organización e revisión de textos de diferentes tipoloxías, así como establecer pautas e criterios comúns entre os departamentos.
En canto ao acceso á información e á competencia dixital, o alumnado amosa un manexo xeralmente adecuado das ferramentas tecnolóxicas máis habituais. Non obstante, persisten necesidades relacionadas coa formulación de buscas eficaces, a selección e contraste de fontes fiables, o tratamento da información e o respecto pola autoría dos materiais empregados. Así mesmo, cómpre prestar atención ás posibles desigualdades no acceso e uso dos recursos dixitais.
O centro dispón dunha biblioteca escolar con fondos bibliográficos e recursos educativos que se empregan para o desenvolvemento de actividades lectoras e de investigación. Ademais, existen iniciativas de dinamización, clubs de lectura e colaboracións entre departamentos, aínda que resulta necesario avanzar cara a unha maior coordinación e integrar a biblioteca de maneira máis sistemática nos procesos de ensino e aprendizaxe.
A partir desta análise, considérase prioritario consolidar o hábito lector autónomo, mellorar a competencia escritora, desenvolver as habilidades de procura e tratamento crítico da información e establecer actuacións coordinadas e criterios compartidos entre os distintos departamentos, implicando progresivamente o conxunto da comunidade educativa. O PLEA pretende tamén establecer unha liña de actuación coordinada que implique a toda a comunidade educativa e contribúa á mellora das competencias lectora, escritora e informacional do alumnado.

13.2. Obxectivos do plan:

1 Consolidar hábitos de lectura autónoma no alumnado mediante a incorporación de tempos de lectura libre e voluntaria e o uso habitual dos fondos da biblioteca escolar.

Promover a lectura por pracer, facilitando o acceso a diferentes xéneros, formatos e soportes, así como espazos e momentos para a lectura individual.

2 Incrementar o interese pola lectura mediante campañas de animación lectora, recomendacións bibliográficas, retos lectores e actividades de dinamización organizadas desde a biblioteca escolar.

Achegar a lectura ao alumnado a través de propostas atractivas e participativas, adaptadas ás diferentes idades e intereses, favorecendo a diversidade lingüística e cultural.

3 Facilitar o acceso equitativo aos recursos dixitais e promover o seu uso responsable mediante actividades de alfabetización dixital e informacional.

Reducir as desigualdades no acceso á información e favorecer a autonomía do alumnado no manexo de ferramentas e recursos dixitais.

4 Desenvolver a expresión escrita do alumnado mediante propostas de creación textual, actividades de escritura creativa e tarefas de produción escrita nas diferentes áreas e materias.

Traballar a planificación, redacción e revisión de textos de distintas tipoloxías, atendendo á coherencia, cohesión, corrección e adecuación ao contexto comunicativo.

5 Integrar prácticas sistemáticas de lectura e escritura nas programacións didácticas de todos os departamentos, mediante actividades adaptadas ás características de cada materia.

Reforzar o carácter transversal da competencia lectora e escrita, implicando a todo o profesorado no desenvolvemento do PLEA.

6 Desenvolver a competencia na procura eficaz de información, ensinando ao alumnado a formular buscas mediante palabras clave e estratexias axeitadas.

Ensinar a formular buscas eficaces, empregar palabras clave e identificar os recursos máis axeitados para cada necesidade informativa.

7 Usar o pensamento crítico na selección de fontes de información, capacitando ao alumnado para avaliar a utilidade, credibilidade e actualidade das mesmas.

Fomentar a identificación de información fiable, a detección de contidos enganosos e a valoración da credibilidade, actualidade e relevancia das fontes consultadas.

8 Integrar e síntetizar información procedente de diversas fontes, favorecendo a elaboración de coñecemento propio.

Favorecer a transformación da información en coñecemento propio, promovendo a comprensión, a reflexión e o respecto pola autoría das fontes utilizadas.

9 Implantar ferramentas de diagnose da competencia lectora, escritora e informacional, que permitan avaliar o progreso do alumnado e orientar a intervención educativa

Identificar dificultades e necesidades de mellora mediante actividades de diagnose, observación e seguimento que permitan orientar as intervencións educativas

10 Establecer criterios comúns para a elaboración de traballos escritos, consensuados entre os distintos departamentos didácticos.

Acordar orientacións comúns sobre estrutura, presentación, organización e calidade dos traballos académicos, favorecendo a continuidade entre materias e niveis.

11 Definir e aplicar criterios compartidos de avaliación para traballos escritos, tarefas de investigación e exposicións orais, garantindo coherencia e equidade no proceso avaliador.

Garantir unha avaliación coherente, transparente e equitativa, facendo explícitos os aspectos que se valorarán nas diferentes actividades e materias

13.3. Liñas prioritarias de actuación:

14. Plan lingüistico (PLing)

14.1. Contexto:

O IES Francisco Asorey emprázase no concello pontevedrés de Cambados, na rúa dos Caeiros nº 25, moi preto do barrio mariñeiro de San Tomé e tamén dun contorno agrícola.
O concello de Cambados ten unha extensión de 23,2 Km2, está integrado polas parroquias de Cambados, Castrelo, Corvillón, Oubiña e Vilariño e ten arredor dos 14000 habitantes.
Como en moitos dos concellos limítrofes, a actividade económica móvese en gran parte polo sector servizos, e logo cumpren unha función tamén importante a pesca, a industria e a agricultura. Estas actividades económicas e os movementos poboacionais do mundo actual fan tamén que Cambados conte cunha parte da súa poboación chegada doutros países; deste xeito, contaremos no noso centro con un pouco alumnado que se está achegando á cultura e ó idioma galego.
Os datos que extraeremos da situación da lingua galega na contorna do noso centro de ensino son, sen dúbida, xeneralizables a moito máis territorio galego. O galego é unha lingua empregada e habitual non só a nivel familiar, senón como vehículo de expresión en entidades asociativas e tamén no concello. Non obstante, este dato que se presenta como positivo non pode ocultar outro máis desalentador: o uso da nosa lingua descende radicalmente segundo descende a idade dos falantes (polo tanto, o uso familiar non sería interxeracional), nas entidades privadas non hai querencia cara o galego, os usos públicos do galego non aseguran que os individuos se consideren “usuarios” desa lingua, etc. É dicir, o que observamos nos nosos rapaces e rapazas respecto da lingua é seguramente o mesmo que ocorre na maioría dos concellos galegos e nesta franxa de idade. É o que na Lingüística se coñece como teoría do "desaxuste lingüístico". Desaxuste lingüístico que ten que ver co desaxuste lingüístico-cultural entre a casa e a escola. Este desaxuste lingüístico provocaría actitudes negativas caras as linguas-normalmente as linguas minoritarias (Bernstein, 1964). É por isto que Skutnabb-Kangas e Toukomaa (1976) propoñen a hipótese do umbral, que afirma que, para que se acade unha boa competencia nunha L2, a competencia na lingua inicial debe atanguer alomenos o nivel umbral. É dicir, se a competencia na lingua inicial é baixa, tamén será pobre a adquisición das competencias básicas nunha segunda lingua.
No tocante ao no noso centro de ensino, o IES Francisco Asorey conta neste curso 2026-2027 con 453 alumnos e alumnas, repartidos en ESO, BACH, EPA, FPBásica, 2 ciclos medios e 2 ciclos superiores. Deste total temos este curso 8 alumnos exentos na materia de Lingua Galega, aínda que moitos dos que non teñen nacionalidade de orixe española levan xa escolarizados varios cursos en Galicia. Neste grupo temos un total de 40 alumnos e alumnas, de diferentes nacionalidades: búlgaros, peruanos, colombianos, arxentinos, senegaleses, chinesa, marroquís...
Se observamos os hábitos lingüísticos do alumnado do IES Francisco Asorey veremos que conviven, como é lóxico o galego e o castelán. Pero imos atopar diferenzas nos seus usos. A este centro está adscrito moito alumnado residente fóra do espazo urbano do concello, e tamén a maioría dos residentes no núcleo da vila, poderiamos dicir que a partes iguais. Deste xeito xustifícase o uso da lingua galega en alumnos e alumnas onde é a lingua familiar, e outros que teñen o uso do castelán xustificado en que xa vén de xeracións anteriores e residentes no núcleo do concello. É dicir, a situación vén sendo a mesma dende cursos pasados: o alumnado usa as dúas linguas coñecidas, pero é claro o aumento do uso do castelán, en calquera dos niveis do centro.
Partindo da observación directa e dos estudos sociolingüísticos contémplase un progresivo abandono social do galego en favor do castelán, coincidindo co proceso urbanizador que trouxo consigo o paulatino desprestixio do galego. Así, nos espazos urbanos e vilegos, foise impoñendo o castelán, quedando o galego sumido no ámbito familiar. Amais, hai que ter en conta o retorno da emigración procedente de Lationamérica a partir dos anos 90 na supervivencia do galego, xa que se produce a mudanza na lingua inicial (galego) cara a lingua do país de acollida (normalmente, castelán). De por parte, esa L2 que se converte en habitual é a que se transmite aos fillxs. En palabras de Anxo Lorenzo (2009:23):
"O proceso de abandono do galego polo castelán fundamentouse nunha redución do uso das funcións sociais da lingua galega nas familias, no mantemento das actitudes desfavorables ante o galego, no nulo apoio institucional (...) e a ausencia de recoñecemento oficial."
Tendo en conta todos os estudos e investigacións previas, terase en conta a dinámica de Hymes (1971) que argumenta que a lingua é un medio máis que un fin estrutural, polo que se establece que a competencia comunicativa é o obxectivo principal na aprendizaxe de linguas. Así, Hymes apunta que a importancia da aprendizaxe de linguas radica na comunicación e non na mera memorización das estruturas gramaticais. Desta maneira, grazas ao enfoque comunicativo (communicative approach), que nace dos postulados da psicolingüística e da lingüística aplicada, podemos centrar as actividades de Dinamización da Lingua Galega en situacións de fala reais, algo que non sería posible con outros métodos como o tradicional e/ou audiolingual.

14.2. Obxectivos do plan:

1 Garantir a competencia plurilingüe.

Asegurar que todo o alumnado adquira ao remate da etapa educativa un dominio oral e escrito equivalente en galego e castelán, xunto cunha competencia funcional nas linguas estranxeiras impartidas.

2 Promover o tratamento integrado das linguas (TIL).

Coordinar os departamentos lingüísticos e non lingüísticos para unificar criterios metodolóxicos, de avaliación e de corrección lingüística en todas as materias.

3 Colaborar con institucións alleas ao centro. Sensibilizar sobre a importancia da diversidade lingüística e cultural na nosa contorna.

Colaborar con institucións para promover as linguas e culturas que conviven no centro.

4 Equilibrio vehicular e rigor académico nas áreas non lingüísticas.

Garantir o cumprimento do reparto equilibrado de materias entre galego e castelán segundo o Decreto 79/2010, asegurando o uso do rexistro culto e da terminoloxía específica de cada disciplina científica, tecnolóxica e humanística.

5 Potenciación da competencia oral en todas as linguas curriculares.

Incorporar de xeito sistemático actividades de comprensión e expresión oral avaliables (exposicións, debates, podcasts) nas programacións didácticas de todas as materias, superando a primacía exclusiva da lingua escrita.

6 Compensación das desigualdades sociolingüísticas e acollida.

Deseñar protocolos específicos de inmersión e reforzo lingüístico tanto para o alumnado estranxeiro ou recén chegado como para equilibrar o dominio das dúas linguas oficiais en función da realidade sociolingüística da contorna.

7 Eliminar, pouco a pouco, prexuízos lingüísticos causados pola diglosia e o bilingüismo harmónico. Tamén sensibilizar sobre a importancia da diversidade lingüística inclusiva e non sexista.

Eliminar prexuízos lingüísticos a través do contacto con alumnado de centros europeos.

8 Normalización do galego na xestión administrativa e na comunicación institucional.

Intentar establecer o uso galego como lingua vehicular preferente na documentación interna, na sinalética do edificio, na páxina web e nas comunicacións coas familias e coa administración educativa.

14.3. Liñas prioritarias de actuación:

Desde a década dos noventa do século pasado, -dado o incremento do contacto lingüístico derivado do proceso migratorio entre os diferentes estados europeos- o Consello de Europa decidiu elaborar a Carta Europea de protección das linguas minoritarias (1992) da que non forman parte todos os Estados membros e na que si se inclúe o Estado español desde 2001. Isto é importante porque máis de 40 millóns de persoas en Europa utilizan linguas minoritarias como código de interacción habitual (Joan i Marí, 2006:10). Por iso, desde o Prólogo da Carta faise fincapé en que a conservación das linguas minoritarias provocaría o mantemento e desenvolvemento das tradicións e riquezas culturais de Europa en xeral e dos seus usuari@s en particular. Na didáctica de linguas en Europa, os intereses comerciais entre os estados membros e o contacto social e lingüístico, derivado das migracións, provocaron que se desbotase o ensino baseado no método tradicional de gramática-tradución para dar paso a novas metodoloxías que permitisen desenvolver un enfoque comunicativo. Este enfoque estaba baseado na importancia da comunicación para a interacción entre as diferentes comunidades europeas. Mais, a pesar das achegas da psicolingüística europea e norteamericana sobre os factores positivos do bi-plurilingüismo, a lingua que máis se promociona é o inglés nun intento de homoxeneización lingüística ou, noutras palabras, nun intento de chegar a un monolingüismo universal (Moreno Cabrera, 2006).
Non obstante, desde o Consello de Europa intentouse -a partir da década de sesenta do século pasado- tomar medidas a favor da diversidade lingüística e cultural de todas as comunidades que formaban a Unión Europea, mais estas medidas benefician ao inglés, como se aprecia no Proxecto de Escolas Europeas (1993), destinadas a unhas minorías das elites do Consello de Europa ou, como se pode ver, no incumprimento da Carta de protección das linguas minoritarias, asinada polo Estado español no 2001.
Non obstante, aínda que estas medidas de protección non se cumpren na práctica, desde a psicolingüística da década

dos setenta promociouse a aprendizaxe de linguas a partir dos efectos positivos na adquisición dunha L2, por ende do bilingüismo, como a mellora da capacidade cognitiva e de reflexión, xa que o aprendiz bota man dos coñecementos e experiencias previas da súa lingua inicial para aprender unha segunda lingua (Cummins, 2001).
Estes factores positivos do bilingüismo vénse reforzados por algunhas das últimas achegas da neurolingüística, baseadas en técnicas dixitais como o Encefalograma (EEG) e a Resonancia Magnética (RM), que permiten ver o funcionamento cerebral en tempo real. Estas técnicas demostraron que as linguas non se gardan no cerebro en compartimentos illados, senón que unhas se nutren ás outras a través de conexións neuronais.
Así ben, cando a aprendizaxe de linguas se fai dun xeito implícito (natural) as áreas do cerebro que se activan son as que están destinadas á linguaxe; mentres que os aprendices cunha metodoloxía explícita (tradicional) activan áreas destinadas á memoria, polo que a madurez das competencias lingüísticas na L2 vese afectada (Rielh et al., 2010).
Estas achegas son importantes para que os docentes de linguas poidan levar a cabo propostas de aprendizaxe con resultados óptimos, como poden ser os procesos de inmersión nunha L2 co aproveitamento da LI (lingua inicial) e a comprensión mutua entre linguas próximas e linguas colaterais (Robert, 2004).
Así ben, no que atinxe ao compoñente cultural na aprendizaxe de linguas cómpre apuntar que a súa aparición é relativamente recente (ver Byram, 2010). Amais, é un concepto complexo que ou ben non se trata no ensino de L2/LE ou trátase dun xeito estereotipado. Coa aparición da noción de competencia comunicativa (Hymes, 1964-71)- entendida como a capacidade dun falante para interactuar nos diferentes contextos da vida real- deu lugar á reflexión sobre a importancia da competencia cultural (van Ek, 1986) no ensino de linguas, tanto para fins comunicativos coa comunidade da lingua meta, como para outro tipo de cuestións como pode ser a aprendizaxe de linguas para acceder ao mundo laboral. O ideal sería que un aprendiz de linguas se convertese en falante intercultural; isto é que desenvolvese a súa conciencia metalingüística (language awareness) de aceptación da diversidade lingüística e cultural. Deste xeito, ráchase cos prexuízos lingüísticos e protéxense e promóvense iniciativas a prol do bi-plurilingüismo e bi-pluriculturalismo para que non sexan meras utopías, como aconteceu coa proposta de lingua adoptiva de Amin Maalouf (2008).
Así, o presente Proxecto Lingüístico de Centro articúlase arredor da coordinación departamental e do Tratamento Integrado das Linguas co obxectivo de garantir unha competencia comunicativa plena e equilibrada en galego, castelán e linguas estranxeiras. A través deste documento establécense os criterios para o reparto vehicular das materias non lingüísticas, poténciase a expresión oral en todas as áreas do currículo e fíxanse protocolos específicos de acollida e compensación sociolingüística para o alumnado que o precise. Así mesmo, o proxecto impulsa as metodoloxías plurilingües na aula e consolida o uso normalizado do galego na xestión administrativa, na sinalética e nas comunicacións institucionais de toda a comunidade educativa.

- Tratamento Integrado das Linguas (TIL) e aproveitamento da lingua inicial.
  - Promover a coordinación departamental partindo da base neurolingüística de que as linguas se interconectan no cerebro, aproveitando os coñecementos previos da lingua inicial e a intercomprensión entre linguas próximas para facilitar a adquisición de segundas linguas.
- Metodoloxías comunicativas, implícitas e inmersivas.
  - Superar o ensino tradicional baseado exclusivamente na gramática e na memoria, impulsando enfoques comunicativos e procesos de inmersión natural que activen a competencia real de uso oral e escrito en contextos cotiáns e académicos.
- Defensa e normalización do galego fronte á homoxeneización lingüística.
  - Garantir a protección efectiva do galego como lingua minorizada, asegurando o seu reparto vehicular equilibrado nas materias non lingüísticas, a compensación sociolingüística e o seu uso normalizado na xestión e comunicación institucional do centro.
- Educación intercultural e superación de prexuízos lingüísticos.
  - Formar falantes plurilingües e interculturais mediante o desenvolvemento da conciencia

15. Plan de orientación académica e profesional (POAP)

15.1. Contexto:

A orientación académica e profesional constitúe un elemento fundamental no desenvolvemento integral do alumnado, xa que contribúe ao seu autocoñecemento, á identificación dos seus intereses e capacidades e á toma de decisións responsables en relación co seu futuro académico e profesional.
Ao longo da escolaridade, especialmente na ESO, o alumnado debe afrontar decisións que condicionarán a súa traxectoria formativa e laboral. Por iso, resulta necesario ofrecerlle información actualizada sobre as distintas opcións educativas e profesionais, así como ferramentas que lle permitan analizar as alternativas existentes e valorar cales se axustan mellor ás súas características persoais, intereses, motivacións e expectativas.
A orientación académica e profesional debe entenderse como un proceso continuo e progresivo, no que se combinan o coñecemento de si mesmo, a exploración das posibilidades do sistema educativo e do mundo laboral, a reflexión persoal e a toma de decisións. Este proceso require a implicación de todo o equipo docente, das persoas titoras, do Departamento de Orientación e das familias.
O programa desenvolverase de acordo cos principios de orientación educativa e profesional recollidos na normativa vixente e articularase a través de tres vías principais: as actividades programadas na hora de titoría, as actuacións integradas nas distintas áreas e materias e as intervencións específicas do Departamento de Orientación.

15.2. Obxectivos do plan:

1 Favorecer o autocoñecemento do alumnado

Promover que o alumnado identifique e valore as súas capacidades, aptitudes, intereses, motivacións, valores e expectativas, tomando conciencia das súas fortalezas e dos aspectos que pode mellorar. Preténdese que desenvolva unha imaxe axustada de si mesmo como punto de partida para a construción do seu proxecto académico e profesional.

2 Proporcionar información sobre as opcións académicas e profesionais

Facilitar información clara, actualizada e adaptada ao nivel educativo sobre a estrutura do sistema educativo, os itinerarios formativos, as modalidades de bacharelato, a Formación Profesional, os estudos universitarios e outras alternativas formativas, así como sobre as características e tendencias do mundo laboral.

3 Desenvolver a reflexión crítica e a capacidade para tomar decisións

Dotar o alumnado de estratexias que lle permitan buscar, seleccionar e contrastar información, valorar distintas alternativas e analizar as consecuencias das súas decisións. Búscase favorecer unha toma de decisións autónoma, realista e fundamentada, evitando que estea condicionada unicamente polas expectativas externas, os estereotipos ou a presión do grupo.

4 Implicar o profesorado e as familias no proceso de orientación

Promover a colaboración entre o equipo docente, as persoas titoras, o Departamento de Orientación e as familias, co fin de acompañar o alumnado no seu proceso de toma de decisións, proporcionar información coherente e favorecer expectativas realistas e axustadas ás súas características e posibilidades.

5 Garantir a continuidade e a coordinación da orientación académica e profesional

Organizar as actuacións de orientación de maneira progresiva ao longo das distintas etapas e cursos, adaptándoas ao momento evolutivo do alumnado e ás decisións que debe afrontar en cada nivel. Preténdese evitar intervencións illadas e garantir que cada alumno ou alumna dispoña do apoio necesario nos momentos de transición académica.

15.3. Liñas prioritarias de actuación:

- Autocoñecemento e desenvolvemento persoal: identificación de capacidades, aptitudes, intereses, motivacións, valores e expectativas.
- Coñecemento do sistema educativo: información sobre as etapas educativas, as modalidades, os itinerarios, os requisitos de acceso e as posibilidades de continuidade formativa.
- Coñecemento do mundo laboral: achegamento ás profesións, aos sectores profesionais, ás competencias demandadas e ás posibilidades de inserción sociolaboral.

- Procura e tratamento da información: desenvolvemento de habilidades para localizar fontes fiables, seleccionar información relevante, contrastala e empregala na toma de decisións.
- Toma de decisións: adestramento en estratexias de análise de alternativas, valoración de consecuencias, planificación de obxectivos e elaboración dun proxecto académico e profesional.
- Prevención de estereotipos e promoción da igualdade de oportunidades: análise dos condicionantes sociais, culturais e de xénero que poden influír nas eleccións académicas e profesionais.
- Orientación individualizada: atención ás necesidades específicas do alumnado, especialmente nos momentos de transición, elección de itinerarios ou presenza de dificultades na toma de decisións.
- Coordinación co profesorado e coas familias: asesoramento ás persoas titoras e ao equipo docente, intercambio de información relevante e colaboración no acompañamento das decisións do alumnado.
- Desenvolvemento de actividades específicas: charlas informativas, visitas, encontros con profesionais, aplicación de cuestionarios de intereses e aptitudes e outras propostas que faciliten o coñecemento das opcións existentes.
- Seguimento e avaliación: revisión do desenvolvemento do programa e valoración da súa adecuación ás necesidades detectadas.

Observacións:

- O programa terá un carácter continuo, progresivo e flexible, adaptándose ás características do alumnado, ao seu nivel educativo e ás necesidades detectadas en cada grupo.
- As actuacións desenvolveranse principalmente a través da hora de titoría, sen prexuízo da súa integración nas distintas áreas e materias e das intervencións específicas do Departamento de Orientación.
- A planificación deberá ter en conta os momentos de transición e elección académica, especialmente en 3º e 4º da ESO e nos cursos nos que o alumnado deba decidir sobre a continuidade dos seus estudos ou a incorporación a diferentes itinerarios formativos.
- As actividades combinarán información, reflexión persoal e experiencias prácticas, procurando unha participación activa do alumnado e evitando que a orientación se limite á transmisión de datos sobre as distintas opcións.
- O Departamento de Orientación coordinará o programa, proporcionará recursos e materiais, asesorará as persoas titoras e o resto do profesorado e realizará intervencións individuais ou grupais cando se considere necesario.
- Procurarase a participación das familias, especialmente nos momentos de toma de decisións relevantes, favorecendo unha comunicación fluída co centro.
- A avaliación do programa realizarase ao longo do curso, tendo en conta o grao de desenvolvemento das actuacións, a participación do alumnado, a adecuación dos recursos e as necesidades que vaian xurdindo.
- As conclusións da avaliación permitirán introducir os axustes necesarios e mellorar a planificación das actuacións nos cursos posteriores.

16. Plan de mellora (PMell)

16.1. Contexto:

A formulación das obxectivos e liñas de actuación do Plan de Mellora fundamentase na seguinte análise interna e externa do centro:

- Debilidades internas a superar:
  - Marxe de mellora na coordinación interdepartamental.
  - Espazos reducidos para a atención ás familias.
  - Difusión insuficiente das actividades desenvolvidas no centro.
  - Escasa participación das familias na vida escolar e necesidade de xestionar o cambio xeracional no claustro.
- Ameazas externas a enfrontar:
  - Escasa educación dixital responsable entre a mocidade e aumento dos trastornos psicolóxicos.
  - Baixa concienciación en sustentabilidade ambiental e situacións de desigualdade ou violencia de xénero.
  - Demanda cambiante nos ciclos formativos e tendencia ao descenso da matrícula na ESO/Bacharelato.
- Fortalezas internas a potenciar:
  - Marco de convivencia consolidado e bo clima escolar.
  - Alta aceptación e boa dotación das tecnoloxías da información (TIC), con mantemento realizado por persoal propio.
  - Bos resultados nas probas de acceso á universidade (PAU) e profesorado motivado pola innovación.
- Oportunidades do contorno a aproveitar:
  - Proxectos institucionais de transformación dixital e desenvolvemento da Formación Profesional Dual.
  - Integración en redes de centros innovadores e posíbeis colaboracións con empresas e entidades da contorna

16.2. Obxectivos do plan:

1 Impulsar a organización, transformación dixital e sustentabilidade

Impulso á dixitalización dos procesos de xestión e aprendizaxe, fomento dun consumo sustentable e da xestión ambiental no centro, e desenvolvemento duna biblioteca escolar dinámica.

2 Mellorar a proxección na contorna e acollemento

Deseño de protocolos para acoller e integrar ao alumnado e ás familias de nova incorporación, reforzo da difusión da Formación Profesional e colaboración cos axentes sociais, empresariais e municipais de Cambados

3 Consolidar a calidade nos procesos de ensinanza e aprendizaxe

Fomento da coordinación interdepartamental por áreas afíns, renovación metodolóxica da acción titorial e dinamización da aprendizaxe integrada de linguas mediante a participación en proxectos internacionais.

4 Reforzar a atención á diversidade e éxito escolar

Estandarización dos plans de reforzo e recuperación, reforzo dos apoios dentro da aula para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE) e motivación mediante desafíos e proxectos multidisciplinares.

5 Mellorar a convivencia, igualdade e benestar

Consolidación do Plan de Igualdade, desenvolvemento de estratexias de mediación escolar para a resolución pacífica de conflitos e posta en marcha dun observatorio para a prevención do acoso escolar

16.3. Liñas prioritarias de actuación:

1. Infraestruturas, equipamento, procesos e organización do centro

- Transformación dixital: Impulsar a dixitalización dos procesos de xestión interna do centro e das estruturas de datos compartidas.
- Sustentabilidade ambiental: Implantar un plan de xestión ambiental coa creación dunha comisión específica e

accións para reducir o consumo de subministracións e materiais.
- Biblioteca escolar dinámica: Potenciar o papel da biblioteca integrándoa no proxecto lector mediante o programa PLAMBE, os clubs de lectura e a iniciativa de Bibliotecas Solidarias.

2. Participación da comunidade educativa e proxección na contorna

- Promoción da Formación Profesional: Difundir o potencial dos ciclos formativos organizando xornadas de orientación, obradoiros e encontros con empresas da contorna.
- Protocolo de acollemento: Elaborar e aplicar un manual de acollemento para integrar ao alumnado e ás familias de nova incorporación dende o inicio do curso.

3. Procesos de ensinanza e aprendizaxe

- Coordinación interdepartamental: Establecer unha temporalización e coordinación de contidos comúns entre departamentos de áreas afíns en ESO e Bacharelato.
- Acción titorial renovada: Actualizar a acción titorial mediante o uso de ferramentas informáticas de xestión integral da atención á diversidade.
- Aprendizaxe integrada das linguas: Dinamizar o plurilingüismo e a dimensión internacional do centro mediante grupos de conversa con auxiliares e a participación en proxectos como eTwinning e Erasmus+.

4. Rendemento académico e atención á diversidade

- Apoio ao alumnado NEAE: Mellorar o rendemento do alumnado con necesidade específica de apoio educativo mediante reforzos e apoios dentro da aula ordinaria.
- Proxectos multidisciplinares: Motivar ao alumnado a través de desafíos e investigacións interdisciplinares apoiados no espazo dos Polos Creativos.
- Estandarización de reforzos: Crear e aplicar un modelo unificado de plans de reforzo e recuperación para o alumnado con materias pendentes ou repetidor.

5. Convivencia, benestar e igualdade

- Plan de Igualdade: Actualizar e dinamizar o plan de igualdade de xénero, a non discriminación e a prevención da violencia machista.
- Mediación escolar: Fomentar a participación activa do alumnado para a resolución pacífica de conflitos.
- Observatorio de acoso escolar: Deseñar e poñer en marcha un observatorio específico para a detección, prevención e seguimento de casos de acoso escol

17. Outros

17.1. Contexto:

17.2. Obxectivos do plan:

17.3. Liñas prioritarias de actuación: